

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 13

SESION ORDINARIA (agosto) 9 DE SETEMBRO DE 2013

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Díaz Vázquez, Raquel
Fernández Pérez, José Manuel
López Font, Carlos
Regades Fernández, David
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos H.
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
Veloso Ríos, Iolanda M^a

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María
Álvarez Pérez, José Luís
Araújo Pereira, Marcos
Bernárdez de Dios, Antonio
Cendón Alonso, M^a Teresa
Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
García Míguez, M^a Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Pérez Dávila, Alejandro
Relova Quinteiro, Roberto F.

NON ASISTEN:

Lago Rey, M^a Jesús
Rodríguez Escudero, Cayetano
Beiro Diz, Pablo

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e seis minutos do día nove de setembro do ano dous mil trece, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, López Font, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e Veloso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e

segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratalos asuntos da orde do día.

PARTE RESOLUTIVA

1(146).- ACTAS ANTERIORES: (PLENO ORDINARIO (XUÑO) 1.07.13 E EXTRAORDINARIO 1.07.13)

Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse as actas do Pleno da Corporación correspondentes ás sesións (ordinaria de xuño) e extraordinaria realizadas o 1 de xullo de 2013.

2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

Non se presentaron.

3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3.1(147).- SOLICITUDE DE COMPATIBILIDADE PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES PRIVADAS DO TRABALLADOR MUNICIPAL D. XOSÉ ALBERTE CEA RODRÍGUEZ. DENEGACIÓN. EXPTE. 24311/220 (711/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 30 de xullo de 2013, a xefa do Servizo de Recursos Humanos, Sra. Dapena Gómez, co conforme do concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, emite o seguinte informe proposta,

“INFORME XURÍDICO-PROPOSTA DE ACORDO

ANTECEDENTES

Único.- En escrito de data 02/07/2013 (documento nº 130077711) D. Xosé Alberte Cea Rodríguez, con DNI 36.120.723-M, persoal laboral indefinido por sentenza xudicial firme en vía laboral, con nº de persoal asignado 77.990, categoría profesional de orientador laboral segundo Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 17 de decembro do 2008, ditada no recurso de suplicación nº 4904/2008, e asignado ao Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, solicita o outorgamento da compatibilidade para o exercicio de actividades privadas.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O réxime de incompatibilidades do persoal ao servizo do sector público vén definido pola Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, que prohíbe expresamente a autorización da compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ao persoal que desempeñe postos que comporten a percepción de complementos específicos ou concepto equiparable e ao retribuído por arancel (artigo 16). A dita norma ten plena vixencia na actualidade, coas modificacións operadas pola Lei 7/2007, do 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, que se sinalarán en fundamentos xurídicos posteriores, estando incluído no seu ámbito de aplicación o persoal funcionario e o persoal laboral, en calquera das modalidades legalmente previstas (artigo 2.2 da norma específica indicada).

Igualmente, as “Instrucións para a aplicación do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, aprobadas polo Pleno do Concello en sesión de data 28/12/1998, consignan o dito suposto de incompatibilidade para o exercicio de actividades privadas no seu apartado relativo ás instrucións sobre cadro de persoal e relación de postos de traballo ó servizo da Corporación, onde literalmente se contempla que:

“Tódolos postos desempeñanse en réxime de "Dedicación exclusiva", excepto aqueles ós que a Excm. Corporación Municipal lles autorice a compatibilidade e conste así na relación de postos de traballo.

De conformidade co previsto no apartado 4 do art. 16 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades no Sector Público, só poderá recoñecerse compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ó persoal que desempeñe postos de traballo que comporten a percepción de complementos específicos, ou concepto equiparable, a contía do cal non supere o 30 % das súas retribucións básicas, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade.

Exceptúase de dito límite o caso de "Profesor Asociado de Universidade", así

como as actividades de investigación e asesoramento nos termos previstos no art. 6º da Lei de Incompatibilidades.”

II.- A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do martes 13 de abril do 2007), norma de carácter básico ditada en cumprimento do mandato constitucional do artigo 103 da CE 1978, modifica na súa Disposición Final Terceira a Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, quedando redactado o artigo 16 como de seguido se indica:

“1.No podrá autorizarse o reconocerse compatibilidad al personal funcionario, al personal eventual y al personal laboral cuando las retribuciones complementarias que tengan derecho a percibir del apartado b del artículo 24 del presente Estatuto incluyan el factor de incompatibilidad al retribuido por arancel y al personal directivo, incluido el sujeto a la relación laboral de carácter especial de alta dirección.

2. A efectos de lo dispuesto en el presente artículo, la dedicación del profesorado universitario a tiempo completo tiene la consideración de especial dedicación.

3. Se exceptúan de la prohibición enunciada en el apartado 1 las autorizaciones de compatibilidad para ejercer como profesor universitario asociado en los términos del apartado 1 del artículo 4, así como para realizar las actividades de investigación o asesoramiento a que se refiere el artículo 6. de esta Ley, salvo para el personal docente universitario a tiempo completo.

4. Asimismo, por excepción, y sin perjuicio de las limitaciones establecidas en los artículos 1.3, 11, 12 y 13 de la presente Ley, podrá reconocerse compatibilidad para el ejercicio de actividades privadas al personal que desempeñe puestos de trabajo que comporten la percepción de complementos específicos, o concepto equiparable, cuya cuantía no supere el 30% de su retribución básica, excluidos los conceptos que tengan su origen en la antigüedad.”

Da lectura do precepto se desprende a lóxica consecuencia da total incompatibilidade daqueles empregados públicos -funcionarios e/ou laborais- adscritos a postos de traballo cuxas retribucións propias inclúan o concepto de incompatibilidade no complemento específico ou concepto equivalente; concepto que por clara e simple dedución lóxica debe incluír cando menos á totalidade dos postos encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación que no Concello de Vigo se desempeñan en réxime de dedicación exclusiva, como así consta nas citadas “Instrucións para a aplicación do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, aprobadas polo Pleno do Concello en sesión de data 28/12/1998, o cal en modo algún casa co

desempeño de actividades privadas, dado que as retribucións propias do posto de traballo ocupado polo solicitante inclúen a percepción do complemento específico, que, entre outros factores, retribúe a especial adicación e a incompatibilidade, segundo contempla o propio Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo (artigo 20), instrumento reitor do vínculo xurídico laboral indefinido que mantén o solicitante con esta Administración Pública por mandato xudicial contido na STSXG de 17 de decembro do 2008, ditada no recurso de suplicación nº 4904/2008.

III.- Adicionalmente, da lectura da solicitude presentada polo Sr. D. Xosé Alberte Cea Rodríguez se desprende que no presente suposto podería concorrer unha obvia colisión de intereses entre a esfera pública e a esfera privada, toda vez que a actividade privada para a cal se solicita compatibilidade consiste, segundo manifesta o propio solicitante -e que coincide co presunto obxecto social da mercantil en proceso de constitución- na *“prestación de recursos humanos e xestión de persoas no mercado laboral”*, sendo os principais servizos a proporcionar as *“actividades de cualificación, recolocación, asesoramento e consultoría a prestar a empresas, persoas e entidades xurídicas en xeral”*; do cal se deduce unha evidente inxerencia e colisión entre a actividade pública de fomento do emprego, orientación e inserción laboral desenvolta polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, na súa condición de administración pública territorial -onde se atopa destinado e desenvolvendo as funcións inherentes á súa categoría profesional o solicitante-; os intereses particulares e subxectivos do solicitante, e o desenvolvemento das funcións que a resolución xudicial declaratoria da indefinición da relación laboral lle ordena realizar no Concello de Vigo (orientación laboral); con independencia de que se desenvolva a actividade fora do termo municipal de Vigo, extremo este que tampouco queda debidamente acreditado nin pode presumir esta Administración Pública, que debe velar polos intereses xerais nos termos do establecido no artigo 103 da vixente Constitución de 1978.

Por outra banda, e no hipotético suposto de que a normativa vixente en materia de emprego público permitise a autorización da compatibilidade solicitada -que non é o caso, como xa se expuxo nos fundamentos xurídicos anteriores- debe salientarse que non queda acreditada no expediente a válida constitución da entidade mercantil (sociedade anónima) indicada no escrito de solicitude con anterioridade á presentación da solicitude de autorización de compatibilidade para o exercicio de actividades privadas no Rexistro Xeral do Concello (que foi presentada, como se sinala no antecedente único, o 02/07/2013, documento administrativo nº 130077711), non constando, en consecuencia, a titularidade do 10% das accións que sinala o solicitante, que non parece ser real na data de presentación do escrito mencionado, toda vez que non resulta posible ostentar dereitos sobre obxectos ou persoa xurídicas inexistentes, máis aló das expectativas lexítimas de dereitos que cada quen poda ter no tráfico xurídico privado.

Segundo a lexislación mercantil vixente, as sociedades anónimas constitúense mediante escritura pública outorgada ante Notario, adquirindo personalidade xurídica (e, por tanto, plena operatividade, capacidade legal e responsabilidade polos seus actos) coa inscrición rexistral correspondente (vid. a tal efecto Real Decreto Legislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Sociedades de Capital, e que substitúe ao Real Decreto Legislativo 1564/1989, do 22 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Sociedades Anónimas).

IV.- En consecuencia, infórmase sobre a ausencia de viabilidade xurídica da pretensión exercitada en vía administrativa, quedando a vía xurisdiccional libre e expedita para que o solicitante, se así o desexa, se valga dos recursos xurisdiccionais que a Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, lle outorga en defensa dos seus dereitos, sen prexuízo de calquera outro que estime procedentes en Dereito, debendo salientarse que o incumprimento do disposto nos artigos 16 a 19 da Lei 53/1984 será sancionado conforme ao réxime disciplinario previsto nos artigos 93 a 98 da Lei 7/2007, do 12 de abril, sen prexuízo da executividade da incompatibilidade na que se incurrise.

V.- A competencia para o outorgamento o denegación da autorización da compatibilidade solicitada corresponde ao Pleno da Corporación, segundo establece o artigo 9 da mencionada Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

En consecuencia, coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal consonte ás competencias que en materia de persoal ostenta por delegación (Decreto da Excma. Alcaldía-Presidencia de 07.02.2013 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 08.02.2013); e previa a tramitación que consonte ao Regulamento Orgánico do Pleno proceda, elévase ao dito órgano a seguinte

Deseguido o funcionario informante formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión ordinaria do día 2 de setembro de 2013, ditaminou favorablemente dita proposta.

VOTACIÓN: Con doce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e a

Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

“PRIMEIRO.- Desestimar a solicitude de autorización de compatibilidade para o exercicio de actividades privadas presentada en escrito de data 02/07/2013 (documento nº 130077711) por D. Xosé Alberte Cea Rodríguez, con DNI 36.120.723-M, persoal laboral indefinido por sentenza xudicial firme en vía laboral, con nº de persoal asignado 77.990, categoría profesional de orientador laboral segundo Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 17 de decembro do 2008, ditada no recurso de suplicación nº 4904/2008, asignado ao Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, en atención aos antecedentes e fundamentos xurídicos expresados no informe-proposta que antecede.

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado, significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”

3.2(148).- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 48/2013 “PLAN DE APOIO AO AEROPORTO DE PEINADOR”. APROBACIÓN INICIAL. EXPTE. 25/142 (728/1101).

ANTECEDENTES.- Por resolución de data 29 de agosto o Alcalde-Presidente resolveu a incoación do expediente de modificación orzamentaria (Crédito Extraordinario) para facer fronte ao Plan de apoio e dinamización do Aeroporto de Peinador no ano 2013.

Con data 29 de agosto, o Interventor Xeral do Concello emite o seguinte informe:

“Lexislación aplicable.

Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLRHL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril (RP).

Real Decreto 1174/87, de 18 de setembro, de Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con Habilitación de carácter nacional.

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEOSF).

Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, RXLEP

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).

Bases de Execución do Orzamento.

Informe

Remítese a esta Intervención Xeral o Expediente que regula unha modificación do orzamento para facer fronte a necesidades inaprazables segundo consta na documentación que o conforma.

En relación ás causas inaprazables que motivan a incoación do expediente, teñen a súa orixe no Acordo Plenario de data 5 de agosto de 2013, no que se produce a aprobación dun Plan de Apoio ao Aeroporto de Peinador. Inicialmente a contificación do devandito Plan por un importe máximo de 2.000.000 euros máis IVE, dos que, 363.000,00 euros serán con cargo ao orzamento do ano 2013 e 847.000,00 euros con cargo ao orzamento do ano 2014 e 1.210.000,00 con cargo ao orzamento do ano 2015, aínda que, como se informará, máis adiante, o Plan podería ter unha duración de 3 anos, límite imposto pola Comisión Europea, así mesmo, tamén se deberán respectar as porcentaxes que establece o devandito órgano.

Contido do Expediente

Memoria e Resolución do Sr. Alcalde-Presidente de data 29/08/2013, proposta da Sra. Concelleira de Economía e Facenda da mesma data, Informe emitido por este órgano fiscalizador ao expediente 102161/140, relativo a amortización anticipada de préstamos, que xustifica o orixe de fondos, acordo Plenario de data 05/08/2013 no que se aproba a proposta da Alcaldía, estudo sobre o plan para o reforzamento do Aeroporto de Vigo, estudo de Volotea sobre rutas e cronoloxía de implatación.

Na proposta que foi elevada ao Pleno de data 05/08/2013, prevese un plan a 4 anos, que haberá que axustar a un máximo de 3 anualidades, xa que este é o límite establecido pola Comisión Europea para o establecemento de

axudas a novas rutas ou frecuencias.

Fundamentos de Dereito.

O artigo 177 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, no seu apartado primeiro, prevé a posibilidade de que cando haxa de realizarse algún gasto que non poida demorarse até o exercicio seguinte, e non exista no orzamento da corporación crédito ou este sexa insuficiente ou non ampliable o consignado, o Presidente da Corporación ordenará a incoación dun expediente de concesión de crédito extraordinario, no primeiro caso, ou de suplemento de crédito, no segundo. No caso que nos ocupa, o expediente contén un Crédito Extraordinario.

Da redacción dada ao artigo 55 pola Lei 47/2003, D. José Pascual García na súa obra Réxime Xurídico do Gasto Público, presupostación, execución e control, interpreta unha concepción máis axeitada do crédito extraordinario e do suplemento de crédito, do que cabe deducir, que o decisivo na caracterización do crédito extraordinario ou suplemento de crédito, é o da súa cualificación como tal cando non sexa posible a dotación do crédito a través das demais figuras de modificación, é dicir, para este autor, esta figura ten o carácter de residual e está a ter en conta o orixe dos recursos máis que os empregos dos mesmos.

En calquera caso, no expediente que se está a tramitar, prevé a aplicación para gastos para o que non existe crédito algún no orzamento vixente.

Aplic./concepto		Crédito Extr.	Orixe
4320.4700000	Plan Apoio a Peinador	363.000,00	
0110.3100200	Xuros Préstamo BBVA ano 2011		180.000,00
0110.3100300	Xuros Préstamo Ano 2012		183.000,00
Total		363.000,00	363.000,00

Os recursos que financian a modificación orzamentaria (Crédito Extraordinario) por un importe de 363.000,00 euros, teñen a súa orixe na contía que se aforra en xuros de débeda como consecuencia da amortización anticipada aprobada polo Pleno da Corporación en sesión do 05/08/2013.

Axudas a implantación de novas liñas aéreas, (2005/C 312/01), Diario Oficial de la Unión Europea de 9/12/2005.

As compañías aéreas non están sempre dispostas, a falta de incentivos para iso, a asumir o risco que supón a apertura de rutas desde aeroportos con tráfico que non aseguran a cobertura dos custos. O Comité das Rexións calcula dito umbral en 1,5 millóns de pasaxeiros anuais.

As Directrices de 1994 da Comisión sobre a aplicación dos artigos 92 e 93 da Tratado CE e do artigo 61 do Acordo EEE ás axudas estatais no sector da aviación (en diante denominadas «Directrices do sector da aviación») non cobren na súa totalidade estes novos aspectos do financiamento dos aeroportos e das axudas á posta en marcha de novas liñas.

A Decisión 2004/393/CE da Comisión, de 12 de febreiro de 2004, relativa as vantaxas outorgadas pola Rexión Valona e Brussels South Charleroi Airport á compañía aérea Ryanair con ocasión da su instalación en Charleroi, deu

ocasión a estas novas Directrices comunitarias sobre a financiación de aeroportos e as axudas estatais de posta en marcha destinadas a compañías aéreas que operen desde aeroportos rexionais.

Por este motivo, a Comisión Europea poderá aceptar que se concedan temporalmente axudas públicas ás compañías aéreas en determinadas condicións, se isto incítaas a crear novas rutas ou frecuencias a partir de aeroportos rexionais e permítelles atraer un volume de pasaxeiros que as conduza, transcorrido un período limitado, a facelas rentables. A Comisión coidará de que tales axudas non beneficien aos aeroportos de gran tamaño que xa están amplamente abertos ao tráfico internacional e á competencia.

A Comisión autoriza as axudas de posta en marcha para a explotación de novas liñas cunha duración máxima de tres anos (cinco anos para as rexións ultraperiféricas). Trátase de achar un equilibrio entre o acompañamento dos aeroportos rexionais durante os primeiros anos de desenvolvemento e unha competencia libre e equitativa entre aeroportos europeos. A Comisión considera que unha duración de tres anos (cinco anos para as rexións ultraperiféricas) cumpre os obxectivos do desenvolvemento rexional á vez que satisfai a esixencia dunha competencia equitativa.

Estas axudas estatais poden ser concedidas ás compañías aéreas por calquera entidade pública (Estado central, entes territoriais, etc.) ou polos aeroportos que se acollan a subvencións públicas. A Comisión insiste en que a liña aérea subvencionada debe ser nova, xa sexa pola súa ruta ou pola súa frecuencia.

A axuda decrecente poderá concederse por un período máximo de tres anos. A súa contía non poderá superar ningún ano o 50 % dos custos anuais subvencionables, nin exceder do 30 % da media global dos custos subvencionables en todo o seu período de vixencia.

O Aeroporto de Vigo, está nunha cifra de pasaxeiros anuais moi por debaixo dese umbral, polo que, hai que verificar que se trata dunha nova liña ou dunha frecuencia distinta, cuestións estas que resultan necesarias para poder ser beneficiaria desa axuda. Ademais do anterior, tamén se terá que verificar que o aeródromo pode ser obxecto de axuda atendendo a categoría do mesmo. En todo caso, os aspectos anteriores serán comprobados no momento procedimental oportuno que se tramite o preceptivo convenio.

Cumprimento da regra de gasto, artigo 12 da Lei 2/2012, LOEPSF

A evolución do gasto non financeiro encóntranse dentro dos límites previstos no Real Decreto-lei 8/2011, de 1 xullo, que no seu artigo 3 introduce modificacións ao Real Decreto Legislativo 2/2007, de 28 de decembro, incorporando un artigo 8 bis (regra de gasto) ao precitado corpo legal, no que se establecen os límites cuantitativos ao crecemento do gasto que unha vez calculado, resulta unha taxa de variación que non pode superar o 1,7 por 100 para os empregos non financeiros en relación co orzamento do ano anterior. En relación co precepto do RD-L 2/2007, a norma foi derogada pola Lei 2/2012, polo que agora estarase á regulación que establece esta Lei Orgánica.

A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, publicada no BOE nº 103 do 30 de abril, regula no seu artigo 12 a regra de gasto, de tal xeito que as Corporacións locais, non poderán superar a taxa de referencia do crecemento do Produto

Interior Bruto de medio prazo da economía Española. O gasto sometido ao control desta variable é o gasto non financeiro definido en termos do SEC, excluído os xuros da débeda e o gasto financiado con fondos finalistas procedentes de UE ou do resto das Administracións Públicas. Os ingresos que se obteñan por encima do previsto, dedicaranse íntegramente a reducir o nivel de deuda pública.

No caso que nos ocupa, a orixe da financiación son os xuros da débeda como consecuencia da amortización anticipada dos préstamos concertados nos anos 2011 e 2012.

As efectos de cálculo, para establecer o límite legal máximo aos efectos da Liquidación consolidada do ano 2013 tendo en conta a TRCPIB e a partires da Liquidación do Orzamento do ano 2012 aplicando sobre a mesma a TRCPIB máis a variación normativa dos ingresos, o resumo é o seguinte:

Σ LGC 2012 x TRCPIB \pm Cambios normativos \geq Σ PGC 2013	
Liquidación ano 2012,	
207,76 millóns de euros	
TRCPIB (1,7%)	211,29
"	
Aumentos e diminucións normativas	1,99
"	
Límite gasto computable, liquidación ano 2013,	213,28
"	
Previsión de Liquidación ano 2013,	211,89
"	

Para o cálculo, terase en conta a 2ª edición da Guía para a determinación da regra de gasto do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

$TV \text{ Gasto computable} = ((\text{Gasto computable ano } n / \text{Gasto computable } n-1) - 1) \times 100.$

Hai que matizar, que a fórmula de cálculo da Regra de Gasto é distinta que a tida en conta para o cálculo da Estabilidade orzamentaria. No primeiro caso, non se toma en consideración no seu cómputo, nin os gastos financeiros das operacións de endebedamento, nin o gasto financiado con financiación específica da UE, da Administración Xeral do Estado, da Comunidade Autónoma ou de calquera outra administración. Tampouco computarán as obrigas xeradas por transferencias de Entidade a outras Administracións.

En canto ao cálculo da Estabilidade Orzamentaria, tomarase o gasto computable dos capítulos I a VII, cos axustes que establece o Manual de cálculo de déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Entidades Locais editado polo Ministerio de Economía e Facenda (Intervención Xeral da Administración do Estado), 1ª edición, e dicir, aqueles que poidan ser axustables como maior ou menor déficit. Tal e como xa fixo constar, a aplicación supón un aumento do gasto non financeiro, xa que, as obrigas que xurdan dos gastos financeiros da débeda non computan, mentres que os vai xerar a modificación orzamentaria no capítulo IV si. Nembargantes, están establecidos os mecanismos de control suficientes para que esta modificación non supoña unha rutura do equilibrio e que, por tanto, se siga a cumprir os límites de teito de gasto e de estabilidade orzamentaria.

En consecuencia, o límite de gasto, ou teito de gasto, para tramitar modificacións orzamentarias con financiación distinta da que proceda das Administracións Públicas ou da UE cunha aplicación finalista, queda establecido en 213,28 millóns de euros.

Cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

En canto ao cumprimento da estabilidade orzamentaria nos termos do previsto no art. 11 da Lei Órgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e art. 4 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, Xeral de Estabilidade Orzamentaria, o apartado 4 do artigo 11 da LOEOSF, establece que as Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario.

A instrumentación deste principio, deberá estar na elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos e ingresos.

A análise da incidencia que produce o expediente que se está a informar sobre os orzamentos municipais pola aplicación da Lei Orgánica 2/2012 e do RXLEP sobre o equilibrio ou superávit, enténdendose por situación de equilibrio ou superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, cando os Recursos financeiros son iguais ou maiores cos Empregos de igual cualificación (\sum capítulos I a VII ingresos - \sum capítulos I a VII gastos) ≥ 0 , cos axustes preceptivos

En igual sentido, o Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades locais, no seu artigo 4 dispón que o grupo de entidades locais coa regulación que lle está a dar, aprobarán, executarán e liquidarán os seus orzamentos axustándose ao principio de estabilidade orzamentaria. O obxectivo de estabilidade ten que se estar a cumprir de xeito continuo.

En canto ás consecuencias do incumprimento deste principio de estabilidade orzamentaria, recóllense no artigo 21 e 23 da Lei Orgánica 2/2012 e consisten, de non alcanzarse tal obxectivo, na obriga de aprobación polo Pleno da Corporación, dun plan económico-financeiro de reequilibrio a un prazo de un ano, cos prazos de presentación, aprobación e implementación que regula o artigo 23.1 da Lei. En igual sentido, o artigo 19 e 21 do Real Decreto 1463/2007, establece os requirimentos e prazos, aínda que neste último artigo, está a establecer un prazo de tres meses para a aprobación do PEF, polo que será de aplicación o previsto no artigo 23.1 da Lei Orgánica 2/2012.

O recurso que financia a modificación orzamentaria que se informa, ten a súa orixe na minoración do crédito doutras aplicacións orzamentarias, este recurso, impútase ao capítulo III da estrutura do estado de gastos (Recurso non financeiro). En canto ao estado de gastos, a modificación suporá un incremento dos empregos coa calificación de non financeiros, capítulo IV, polo que, non hai alteración (desequilibrio) de recursos non financeiros e empregos non financeiros, é dicir, o financiamento que está a facer o capítulo III para facer fronte aos empregos do capítulo IV, non é xeradora de desequilibrios, por afectar a operacións non financeiras, capítulos III do estado de gastos e IV do estado de

gastos.

É dicir, a modificación orzamentaria proxectada non provoca un desequilibrio en termos de Estabilidade Orzamentaria, dando así cumprimento ao previsto no artigo 11 da LOEOSF.

Das proxeccións que se está a facer da execución do estados de gastos e previsións de recadación do estado de ingresos, sempre en termos de operacións non financeiras, non parece probable que poida producirse un desequilibrio, aínda que todo vai a estar en función do índice de execución das aplicacións de gastos financeiros e da recadación dos conceptos de igual cualificación.

Das previsións que está a facer esta Intervención, aplicando a execución media dos últimos 5 anos tanto ao estado de gastos como no de ingresos, as obrigas previstas que serán reconocidas nos gastos non financeiros serán de 216.192 mil euros. Así mesmo, en canto a recadación de corrente, aplicando o mesmo criterio, ésta será de 205.263 mil euros. En canto a recadación de pechados, será de 12.458 mil euros.

Na análise feita, non só se tivo en conta a proxección tomando como referencia o histórico, senón tamén, os datos reais a 30/06/2013.

En resumo, a modificación orzamentaria en trámite, non xera un desequilibrio orzamentario inicial en termos de cómputo do SEC 95.

Tramitación e aprobación do expediente.

Ao amparo do previsto nos artigos 177.2 do TRLRFL e 38 do Real Decreto 500/90, serán de aplicación aos expedientes de Créditos Extraordinarios as normas sobre aprobación, información, reclamacións, publicidade e o réxime de recursos na xurisdición contencioso-administrativo aplicables aos Orzamentos, é dicir:

- ✓ Proposta coa Memoria xustificativa do Presidente.
- ✓ Informe preceptivo do Interventor.
- ✓ Ditame da Comisión Informativa competente en materia de Facenda, preceptivo a teor do artigo 123 e concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por ser a aprobación do expediente competencia do Pleno.
 - ✓ Aprobación provisional polo Pleno da Corporación.
 - ✓ Non se require quórum especial para a aprobación destes expedientes de modificación de créditos, será aplicable o réxime xeral da maioría simple de votos a favor (artigo 47 da Lei 7/1985).
 - ✓ Exposición ao público do acordo de aprobación inicial ou provisional durante 15 días hábiles na Intervención, previa inserción no Boletín Oficial da Provincia, coa posibilidade de presentación de reclamacións durante devandito prazo ante o Pleno.
 - ✓ O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas, contado a partir do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resoven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

✓ O expediente de modificación de crédito, definitivamente aprobado con ou sen modificacións sobre o acordo de aprobación inicial ou provisional, será inserido no Boletín Oficial da Provincia.

✓ Da concesión do Crédito Extraordinario definitivamente aprobado, remitirase copia á Comunidade Autónoma e á Delegación Provincial do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

✓ A remisión realizarase simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial a que se refire o apartado anterior.

✓ Contra a aprobación definitiva da concesión do Crédito Extraordinario poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, aínda que a interposición do recurso non suspenderá por se só a aplicación do suplemento de crédito.

✓ A modificación entrará en vigor unha vez produciuse a publicación no BOP, sendo executiva dentro do mesmo exercicio da súa aprobación.

✓ Conforme á Base 8ª das de Execución do Orzamento municipal vixente, os compromisos de crédito deberán facerse no propio exercicio no que se acordou o crédito extraordinario ou suplemento de crédito.

De acordo co previsto no artigo 169.7 TRLRFL, unha copia do Orzamento e de todas as súas modificacións debe acharse a disposición do público, a efectos informativos, desde a súa aprobación definitiva até a finalización do exercicio.

Conclusiones

En consecuencia co exposto, a xuízo desta Intervención Xeral, o expediente 25/142, que conforma a modificación orzamentaria nº 48/13, incoada polo Sr. Alcalde Presidente da Corporación por Resolución de data 29 de agosto, e proposta pola Sra. Concelleira Delegada de Economía e Facenda na mesma data, adecúa o seu contido á normativa vixente, sempre tendo en consideración as limitacións sobre a variación do gasto non financeiro en termos do SEC, considerando que os devanditos gastos que conforman as aplicacións, son inaprazables, por ter que dar cumprimento ao Acordo Plenario de data 05/08/2013, informándose, por tanto, de conformidade a modificación orzamentaria de Crédito Extraordinario por unha contía de 363.000,00 euros.”

Na mesma data a concelleira delegada de Economía e Facenda formula o seguinte informe-proposta:

“Modificación orzamentaria num. (48/13), Crédito Extraordinario
Finalidade: Plan Apoio ao Aeroporto de Peinador, de conformidade co Acordo Plenario de data 05/08/2013.

Órgano: Pleno da Corporación, previo Ditame da Comisión Informativa
Importe: 363.000 euros

Antecedentes

Na sesión Plenaria celebrada o pasado día 5 do presente mes, se

acordou, entre outros asuntos, levar a cabo un plan de apoio ao Aeroporto de Vigo (Peinador).

Expediente que se tramita

En execución do Decreto do Sr. Alcalde-Presidente de data 29 de agosto de 2013, instrumentouse o expediente de modificación orzamentaria nº (48/13), Crédito Extraordinario, que está conformado da seguinte documentación: copia do Acordo Plenario en relación á aprobación dun plan de Apoio ao Aeroporto de Peinador, documentación xustificativa relacionada con Plan, Plan de rutas e da disponibilidad dos créditos que van ser a orixe da modificación.

A vista da documentación, para que prosiga a tramitación e conclusión do expediente, en cumprimento do previsto no art.123.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e art. 177.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, previo informe do Sr. Interventor Xeral Municipal, formulase ao Pleno da Corporación, previo Ditame da Comisión Informativa, a adopción do seguinte acordo:

Deseguido a concelleira delegada de Economía e Facenda formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Economía e Facenda, en sesión do día 2 de setembro de 2013, ditaminou favorablemente a proposta formulada pola concelleira delegada de Economía e Facenda.

DEBATE.-

SRA. SILVA REGO: Nos Plenos do 1 de xullo e do 5 de agosto pasados, o Grupo de Goberno propoñía a necesidade de promover medidas que permitisen frear a sangría de voos, rutas, frecuencias e pasaxeiros que está a sufrir o Aeroporto de Vigo por mor da competencia desleal dos aeroportos de A Coruña, Santiago e Oporto, competencia desleal que ten como causa as axudas millonarias que reciben do Concello de A Coruña, da Xunta de Galicia e do goberno portugués. Axudas que sen embargo, reiteradamente néganselle ao aeroporto da nosa cidade, o noso aeroporto é dos poucos de España que non reciben axudas e o único de Galicia que percibe cero euros. Ninguén dubida xa que o Aeroporto de Vigo está na UCI e que é urxente actuar para impedir o seu falecemento. Por que

saben que vai ocorrer a partires do 22 de setembro? Pois que só teremos catro rutas e que teremos perdido trece. E saben onde están? En Santiago de Compostela, e por que están alí? Porque as axudas que recibe Lavacolla danan gravemente a Peinador, e isto non pode continuar así.

Diciamos nos dous Plenos anteriores que un aeroporto define a economía dunha cidade, a súa competitividade, o seu futuro, das empresas, dos traballadores, o do emprego e a nosa presenza no resto do estado e do mundo.

Na información que todos vostedes coñecen, e que forma parte deste expediente de modificación de crédito, aparecen datos moi preocupantes da situación de Peinador e os perigos que o axexan se non tomamos decisións inmediatas que permitan poñer freo á caída de tráfico, ós movementos, operacións, mercadorías e pasaxeiros.

Por isto e para facerlle fronte a esta situación o pasado 5 de agosto aprobamos xunto co Bloque Nacionalista Galego un plan específico para dinamizar o noso Aeroporto. O plan avoga por mellorar tódalas rutas actuais, abrir novas ligazóns tanto nacionais como internacionais, propón a mellora de frecuencias con Madrid e Barcelona, propón potenciación de rutas transversais, mellorar o voo a París, recuperar o de Londres, traballar a medio prazo nunha liña con Munich e pedir ao Ministerio de Fomento que declare a ruta de Bruselas como de obriga de servizo público. Todo isto sen ningún custe para os cidadáns, o Alcalde leva xa moito tempo traballando en propostas concretas e dende que se aprobou este plan o 5 de agosto, traballando a reo para lograr que sexa unha realidade porque non hai tempo que perder, e por iso tense solicitado ao Ministerio de Fomento que declare a ruta a Bruselas como obriga de servizo público, mantivéronse reunións con Iberia Express para manter o voo de primeira hora a Madrid e tamén para pedirlle que cubran o enlace Vigo-Tenerife que vai abandonar Air Europa igual que o voo das sete da mañá a Madrid, contactouse tamén con outras liñas aéreas e vanse manter encontros este mesmo mes.

Por iso hoxe traemos esta proposta de modificación de crédito que permitirá poñer en marcha este plan de dinamización, porque a nosa cidade e o noso aeroporto non poden esperar por outras administracións, temos que actuar xa, confiamos en que, dende Madrid e dende Santiago e nese comité no que se están a reunir tamén os concellos, se propoña un programa global. Mentres isto

non ocorra nós temos que actuar, que poñer freo á caída de pasaxeiros, de rutas, de operacións e movementos no noso Aeroporto e por iso hoxe presentamos esta modificación de crédito que ademais financiarase con cargo aos intereses que aprobamos e polo tanto con custe cero para a cidadanía. Creo lembrar que o Secretario de Estado dixo que a política de axudas ten que ser transparente e compartida, para que non distorsione a competencia, e recoñecía tamén que o Aeroporto de Oporto é competidor directo do de Vigo.

Por isto, mentres non se presente ese plan global, Vigo segue a sufrir competencia desleal do resto dos aeroportos de Galicia e de Oporto, hoxe temos a obriga como concelleiros de Vigo de votar a favor desta modificación de crédito. E moito o dano producido en Vigo, como mostra a perda do Slot de Londres que vai ser moi difícil que recuperemos, pero non podemos quedar quietos, hai que camiñar, hai que avanzar por iso apelo a súa responsabilidade, á responsabilidade de tódolos vostedes para que hoxe si podamos dicir que o Aeroporto de Vigo inicia o seu despegue, a cidadanía de Vigo espera iso de todos nós. Estou convencida de que a responsabilidade triunfará.

SRA. VELOSO RÍOS: Hoxe estamos debatendo unha vez máis sobre a situación do Aeroporto de Peinador, e a historia repítese non só co Aeroporto de Peinador senón que se repite con moitos servizos públicos desta cidade que vemos como imos perdendo, neste cidade quedamos sen trens, trouxemos unha moción non hai aínda dous meses falando da perda de trens nesta cidade, quedamos sen autobuses, os pasaxeiros que veñen a traballar a nosa cidade en autobús teñen que vir de pe, quedamos sen transporte de ría porque o Partido Popular non quere que sexa un servizo público e quedamos tamén sen avións, pero o debate non é o mesmo porque nesta cidade grandes infraestruturas como o Aeroporto, ou como o Porto son habitualmente utilizados con fins puramente electoralistas e partidistas.

Sobre outras cuestións que afectan a traballadores/as, estudantes que non teñen tren, non teñen barco nin autobús pois sobre iso pásase un pouco de puntiñas, cada quen que se busque a vida, soluciónese con coches. Pero os portos e os aeroportos dan para facer moito electoralismo e incluso hai graves problemas como o feito de que o Porto da cidade de Vigo non sexa un porto nodal e quedase

como un porto secundario na Rede Transeuropea de Transportes, que mesmo se tapa por conveniencia puramente partidistas.

Esta é a grave situación que atravesamos a nosa cidade, que non se buscan solucións, búscanse votos e isto é o que está pasando co Aeroporto de Peinador, nin ó Partido Popular, nin ó Partido Socialista lles interesa realmente o Aeroporto de Peinador, non lle interesaba ao Ministro Sr. José Blanco que quería privatizar Aena e foi quen iniciou a privatización de Aena, que investiu no Aeroporto de Peinador o 10% do que investiu no Aeroporto de Santiago de Compostela, e non lle interesa por suposto a Sra. Pastor., que hai máis dun ano xa en xuño de 2012 estivo en Santiago de Compostela avanzando que non todos os aeroportos poderían sobrevivir, que había que solucionar os problemas de débeda dos aeroportos, que o Aeroporto de Peinador era o máis endebedado de Galicia como máis de dez millóns de euros de débeda e que era necesario un plan de negocio, plan de negocio polo que aínda estamos agardando, porque o Goberno do Estado non ten ningún interese en que o Aeroporto de Peinador despegue o único interese que ten é obter beneficios para as aeroliñas privadas, iso é o único que está facendo o goberno do Partido Popular, tanto en Madrid como en Santiago.

A nivel local, na cidade de Vigo, o debate xa se retorce con argumento rancios e localista e chega ao delirio, o delirio xa de culpar a tres concelleiros do Bloque Nacionalista Galego de que se peche o Aeroporto de Peinador ou da situación tan grave, da que todos e todas somos conscientes, que está atravesando o Aeroporto de Peinador.

Os culpables son os gobernos da Xunta de Galicia e do Estado do Partido Popular, nós con tres votos non podemos impedir a aprobación destas axudas, coas que non estamos de acordo en absoluto. Nós non estamos de acordo coas axudas dende os concellos ás aeroliñas privadas, e estamos convencidos ademais de que este non é nin o problema nin a solución para o Aeroporto de Peinador, pero efectivamente os votos do Partido Popular a favor da amortización da débeda neste concello de Vigo, a cambio de nada, por certo, permiten que agora esteamos aprobando unha modificación de crédito para poder dar axudas a aeroliñas privadas, que tamén vai ser votado a favor por parte do Partido Popular. O Partido Popular e o Partido Socialista en dúas ocasións lle dan os cartos, que necesita a cidadanía, aos bancos e ás aeroliñas privadas, logo hai algúns que din

si que o Bloque Nacionalista Galego somos o cogoberno, o goberno na sombra, pois a próxima vez que o oíamos permítannos que nos dea a risa.

Nós baixámonos deste debate, nós queremos solucións para Peinador, nós non imos levar aínda por riba a culpa do que está acontecendo co Aeroporto, e nós non queremos alimentar discursos vitimistas, nin localistas, nós o que queremos é que realmente se tomen medidas para contar cun sistema aeroportuario galego con tres aeroportos especializados e complementarios que realmente permitan a supervivencia dos tres aeroportos, e que sexa competitivo como un sistema aeroportuario galego. Traballen niso no Comité de Rutas e déixense xa de debates estériles, ábrese un novo escenario hai unha proposta presentada por Aena para debater e para que poidamos defender a nosa cidade e o Aeroporto de Vigo, para garantir un servizo público para a cidadanía, traballen niso señores do Partido Socialista e do Partido Popular, nós non imos entrar en máis debates localistas.

SR. FIGUEROA VILA: Na Xunta de Voceiros nós solicitamos máis tempo para tratar este tema, parécenos que é un tema de vital importancia e que non pode quedar nun debate de cinco minutos, no anterior Pleno, e outros cinco neste, pero en calquera caso asumimos esta situación.

Hoxe traemos aquí o que temos que debater e aprobar, unha modificación de crédito por un importe de 363.000 euros, modificación de crédito cun destino claro apoio á dinamización do Aeroporto de Peinador, e de onde saen estes cartos para que nos entendan os cidadáns para esta modificación de crédito? Pois dunha modificación de crédito anterior, da amortización de débeda polo importe de 16.600.000 euros, que o Partido Popular votou a favor. Gracias a que o Partido Popular votou a favor hoxe podemos tratar este tema de liberar préstamos dos bancos do ano 2011 e do 2012.

Polo tanto, estamos a votar 363.000 euros para a modernización de Peinador. Nós dicímoslle ao Alcalde que imos votar afirmativamente esta modificación de crédito, e imos votar esta modificación de crédito pero cunha serie de condicións e matizacións, que loxicamente dende o noso grupo, despois dun traballo serio e coherente durante os últimos anos sobre Peinador e o que aportou este Grupo a Peinador, creo que temos moralmente a obriga de solicitalo. Esiximos a creación

dun grupo de traballo municipal para Peinador que xa foi aprobado na Corporación, cos votos desta Corporación, e porque consideramos que esta decisión é importante para que tódolos grupos poidamos aportar as nosas ideas e poidamos tamén escoitar as ideas que nos presenta o Sr. Alcalde.

Tamén, esiximos, por parte do Goberno, constitución deste grupo de traballo porque vostede está en minoría Sr. Alcalde, as maiorías confórmanse loxicamente nesta Corporación e acabase de demostrar despois das intervencións que o Bloque Nacionalista Galego non vai apoiar esta proposta. Polo tanto, se vostede está en minoría o lóxico é que convoque esta Comisión ou este Grupo de traballo. Tamén por que votamos a favor? Porque despois de seis anos sen facer unha soa proposta agora temos unha proposta concreta para poder votala, pódenos gustar máis ou menos, pero a proposta está enriba da mesa, nós pensamos que se equivoca se cree que o único que pode facer polo Aeroporto é inxectarlle cartos ás compañías sen máis condicionantes.

O Partido Popular segue pensando exactamente o mesmo, a pesar de votarlle a favor desta proposta, cremos que as subvencións non son a solución óptima, e máis soen converterse na maioría dos casos nun problema a medio prazo. Os cartos públicos non debe usarse para facer políticas que loxicamente non sexan as máis adecuadas, senón políticas que se demanden, e a demanda para traer compañías debe estar no traballo, do sector turístico, nun traballo no comercio local, na política de congresos ou na promoción do Vigo exterior.

Tamén consideramos que hai un feito importante que se celebrou e que se leva a cabo nos últimos días que é a constitución dese Comité Aeroportuario, eu creo que temos que tomar entre todos decisións e buscar o consenso para que esas alegacións que se poidan presentar as propoñamos todos conxuntamente e que teñan o visto bo da Corporación.

Polo tanto, nós imos votar a favor pero imos esixirlle o seguinte, primeiro a creación inmediata nun prazo máximo de cinco días dun Grupo de traballo municipal para Peinador con representación dos tres grupos políticos presentes na Corporación viguesa, este grupo de traballo non foi convocado ata a data pese a ter sido aprobado polo Pleno extraordinario de 1 de xullo de 2013.

Segundo, someter á consideración e aprobación deste Grupo de traballo os futuros convenios do Concello con calquera compañía aérea, o Grupo deberá

coñecer e aprobar as condicións de calquera convenio tanto para o Concello como para as aeroliñas afectadas.

E terceiro, alegación ou alegacións do Concello de Vigo ó último documento presentado por Aena sobre a coordinación e a estratexia aeroportuaria galega deberán ser coñecidos e aprobados por este mesmo Grupo de traballo.

Eu creo que é moi sinxelo, Sr. Alcalde, o que lle pedimos, nós dámoslle un voto favorable á modificación de crédito, e só lle pedimos a vostede que convoque esa Comisión de traballo dos tres Grupos Políticos para que vostede nos faga as propostas que considere oportunas e os Grupos Políticos poidamos dar unha opinión seria, coherente, responsable e tamén matizar as nosas opinións se fose necesario.

Eu creo que é moi sinxelo, moi simple, non lle estamos pedindo nada, nin cartos, nin consignación orzamentaria, nin propostas, estámoslle pedindo que convoque esa Comisión que para nós é fundamental porque ao non haber maioría loxicamente os tres Grupos debemos de dar a nosa opinión.

SRA. SILVA REGO: Hoxe os cidadáns de Vigo poden estar satisfeitos, por fin a responsabilidade entrou pola porta do Pleno do noso Concello, hoxe por fin imos dar un importante paso cara adiante para conseguir frear a situación de deterioro do Aeroporto de Vigo.

Este deterioro Sr. Figueroa, é vostede sábeo ben, foi creado pola competencia desleal dos Aeroportos de A Coruña, Santiago de Compostela e Oporto, que reciben axudas millonarias do Concello de A Coruña, da Xunta de Galicia e do goberno vigués axudas millonarias que se lle negan a Vigo e aí Sra. Veloso é onde está a situación de deterioro do noso Aeroporto, exclusivamente aí, na competencia desleal dos outros aeroportos.

Por iso hoxe, Sr. Figueroa eu creo que vostede está a facer o que fai moito tempo teríamos que facer o conxunto da Corporación Local, apoiar ao Aeroporto de Vigo, dicirlle ao resto das administracións que nós non imos consentir, que porque outros teñan axudas, o noso Aeroporto vaia camiño da desaparición. Por iso eu felicítooo porque cambiara vostede de postura, é un cambio intelixente, porque Sr. Figueroa como pode vostede dicirnos que vostedes están en contra de inxectar cartos públicos ás empresas privadas, vostedes, nós, o Bloque

Nacionalista Galego temos repetido aquí a cotío, iso si para todos igual. Vigo só aspira a poder competir en igualdade de condicións co resto dos aeroportos, dos galegos e do Aeroporto de Oporto que é un competidor directo do noso.

Todos estamos de acordo, por iso hoxe despois de que este goberno local decidira deixar de pagarlle intereses aos bancos e traer unha proposta de amortización, hoxe podemos dar axudas a este plan de dinamización, de afianzamento do noso Aeroporto sen que teña un só euro de custo para os cidadáns, é unha proposta deste Goberno, o Plan de afianzamento, apoiada polo Bloque Nacionalista Galego e é unha proposta deste goberno que se faga a través dos intereses que se lle pagaban aos bancos, e polo tanto non teña ningún custe para Vigo.

Hoxe é un bo día para a nosa cidade.

VOTACIÓN: Con vinteún votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e tres abstencións dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos,

ACORDASE:

Aprobar a modificación orzamentaria nº 48/13 por unha contía de 363.000 euros, para facer fronte ao Plan de Apoio ao Aeroporto de Peinador.

A modificación orzamentaria financiarase co aforro obtido nos intereses financeiros como consecuencia da amortización anticipada de débedas correspondiente á débeda do ano 2011 e 2012 e aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación na sesión do 05/08/2013.

As orixes e aplicación de fondos que conforman a modificación orzamentaria son os seguintes:

Aplic./concepto		Crédito Extr.	Oríxe
4320.4700000	Plan Apoio a Peinador	363.000,00	
0110.3100200	Xuros Préstamo BBVA ano 2011		180.000,00

0110.3100300	Xuros Préstamo Novagalicia Banco Ano 2012		183.000,00
Total		363.000,00	363.000,00

Os recursos que financiarán a modificación orzamentaria (Crédito Extraordinario) por unha contía de 363.000 euros, ten a súa orixe nos aforros con motivo da amortización anticipada de débeda, polo tanto, conforman un recurso financeiro axeitado para facer fronte a cobertura destas necesidades.

Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria, en cumprimento do previsto no art. 169 del TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpoñer reclamacións.

De non presentarse reclamacións no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose a súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partires da súa publicación.

De presentarse reclamacións, en cumprimento do regulamentado no artigo 169 do TRLRFL, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

Unha vez co crédito sexa executivo, procederase a tramitar o expediente de acordo á relación que conforma a aplicación dos recursos.

3.3(149).- APROBACIÓN INICIAL DA CORRECCIÓN MATERIAL DUN ERRO GRÁFICO NO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS, RECTIFICANDO A GRAFÍA DO CAMIÑO SAN LORENZO. EXPTE. 1532/244 (715/1101)

ANTECEDENTES.- Con data 8 de agosto de 2013, o xefe do Servizo de Patrimonio, Sr. Rodríguez Cadarso, co conforme da concelleira delegada da Área, emite o seguinte informe proposta,

“NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- I. L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Reximen Local (LRBRL).
- II. L 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALG).
- III. L 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio de las administracions Públicas (LPAAPP).
- IV. L30/1992 de 26 de novenbro, de Reximen Xurídico das Administracions Publicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).
- V. RD 24 xullo de 1889 do Codigo Civil (CC).

- VI. L 4/1994 de 14 de setembro de Estradas de Galicia (LEG)
VII. RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- D. Benito Pena Alonso solicita, mediante escrito con entrada no rexistro xeral en data 17 de xaneiro de 2013, a corrección dun erro de grafía co que figura o cño.de San Lorenzo na cartografía do Inventario municipal, o reflexarse no seu trazado final por acceso privado e estreito, cando na realidade discorre polo camiño superior e coincidente co vial sinalado no PXOM vixente.

SEGUNDO.- Na instrución do expediente foron emitidos os seguintes informes por parte dos técnicos e servizos municipais:

- Arquitecto de Patrimonio, na data 31.01.2013.
- O Servizo de Vías e Obras na data 11.02.2013.
- O Servizo de Electromecánicos na data 18.02.2013.
- Topógrafo Municipal da Xerencia de Urbanismo, na data 8.07.2013.

TERCEIRO.- Así mesmo, déuselle trámite de audiencia á Asociación de Veciños de Coruxo, na súa condición de interesados no expediente para a formulación de aquelas alegacións que tivesen por convintes, formulándose en data 24.07.2013, na que manifesta a súa conformidade coa rectificación formulada o considerar que é un camiño asfaltado, que conta con luz pública e outras dotacións publicas.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

PRIMEIRO.- O presente expediente de rectificación do Inventario municipal de bens e dereitos ten como finalidade a determinación da correcta inclusión, no epígrafe I de vías públicas, do tramo do camiño en cuestión, en atención o seu uso público, ou pola contra, a pertinencia da rectificación inventarial interesada, e sen que proceda entrar en cuestións de dereito privado que poidan plantexarse, ó ser competencia para seu coñecemento e resolución á xurisdición civil como reiteradamente ven declarando a xurisprudencia do Tribunal Supremo.

SEGUNDO.- Da instrución do procedemento resulta que segundo informa o arquitecto de Patrimonio comprobouse que no cño.de San Lorenzo que comunica as rúas Camposancos e Longra, existe un peto de protección que clausura o trazado do camiño peonil no seu arranque dende a carreteira de S. Lorenzo, figurando erroneamente coma público na cartografía do inventario como conexión coa carreteira de Longra, coincidindo as alineacións do Plan Xeral co trazado realmente existente da Carreteira de San Lorenzo. Por outra banda, os servizos de Vías e Electromecánicos sinalan que o tramo do camiño obxecto de inclusión inventarial foi asfaltado polo Concello, dispoñendo de alumeadado público e rede de saneamento, correndo seu mantemento a cargo dos servizos municipais.

O topógrafo municipal da Xerencia de Urbanismo, xunto o seu informe do 8 de xullo do 2013 achega a folla cartográfica 11-34 do Inventario Municipal coa proposta de corrección do erro de grafía detectado, ó tempo que actualiza os datos do camiño de San Lorenzo, nos seguintes termos:

- *CODIGO 1 07 03 00*
- *C. RUEIRO 11180*
- *DENOMINACIÓN Camiño San Lorenzo*
- *ORIXE Estrada de Camposancos*
- *FINAL Intersección Camiño Longra*
- *Nº FOLLA 10-34 / 11-34*
- *LONXITUDE 577,00 ml*
- *SECCIÓN MEDIA 6,00 m*
- *SUP.TOTAL 3.800 m2*
- *PAVIMENTO Aglomerado*
- *SERVICIOS Alumeado SI*
 - Saneamento SI*
 - Abastecemento SI*
 - Electricidade SI*
 - Telefonía SI*

TERCEIRO.- A teor do exposto dedúcese unha discordancia entre a realidade física e a grafía co que figura reflectido dito tramo na cartografía do Inventario Municipal de viais, o discurrir por distinta traza da que resulta dos informes técnicos emitidos, da cartografía municipal antiga e do previsto no PXOM vixente, circunstancias todas elas que determinan a necesidade de proceder a corrección da súa grafía na folla 11-34 de viais do Inventario municipal, consonte a proposta de rectificación formulada polo Topógrafo municipal en data 8.07.2013 e así como actualizar seus datos nos termos sinalados anteriormente.

CUARTO.- O Inventario patrimonial das AAPP configúrase como un rexistro administrativo interno de obrigada formación para as AAPP, que non ten a consideración de rexistro xurídico nin público, resultando unha ferramenta de información e axuda para a xestión interna da propia administración. As Administracións públicas ven obrigadas a inventariar os bens e dereitos que integran o seu patrimonio, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación, así como as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso a que son adicados (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL). O inventario deberá autorizarse polo Secretario da Corporación local, co visto bo do Presidente, e o Pleno será o órgano competente para acordar a aprobación, rectificación e comprobación do mesmo (artigos 32.1 e 34 RBEL).

QUINTO.- Así mesmo, o art. 105.2 da Lei 30/92 RXAP-PAC dispón a facultade das Administracións públicas para poder rectificar en calquera momento de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Por todo o anteriormente exposto, propónse o Pleno Municipal, previo informe da Comisión Informativa correspondente, a adopción do seguinte acordo...”

Deseguido o funcionario informante formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Economía e Facenda, en sesión do día 2 de setembro de 2013, ditaminou favorablemente dita proposta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

1º.- Aprobar inicialmente a corrección material dun erro gráfico existente na planimetría de viais públicos do Inventario municipal de bens e dereitos, rectificando a grafía, na folla cartográfica 11-34, do camiño de San Lorenzo de acordo coa proposta en data 8.07.2013 polo Servizo de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo.

2º.- Rectificar os datos técnicos co que consta o camiño de San Lorenzo no IMBD-Ep.1 Vias Publicas nos seguintes termos:

- CODIGO 1 07 03 00
- C. RUEIRO 11180
- DENOMINACIÓN Camiño San Lorenzo
- ORIXE Estrada de Camposancos
- FINAL Intersección Camiño Longra
- Nº FOLLA 10-34 / 11-34
- LONXITUDE 577,00 ml
- SECCIÓN MEDIA 6,00 m
- SUP.TOTAL 3.800 m2
- PAVIMENTO Aglomerado
- SERVICIOS Alumeado SI

Saneamento SI
Abastecemento SI
Electricidade SI
Telefonía SI

3.-Somete-lo expediente a información pública durante o prazo de un mes os efectos de resolver eventuais reclamacións.

4.- O presente acordo quedará automaticamente aprobado como definitivo, se transcorrido o prazo anterior non se presentara ningunha reclamación ou alegación, o que se acreditará mediante a correspondente certificación que a este efecto se expida polo Rexistro Xeral. ”

3.4(150).- DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D. ANTONIO FERNÁNDEZ FALAGÁN CONTRA O ACORDO PLENARIO DO 25/03/13, REFERENTE A UN TERREO NA RÚA FÁTIMA. EXPTE. 1339/244 (616/1101)

ANTECEDENTES.- Con data 6 de agosto de 2013, o xefe do Servizo de Patrimonio, Sr. Rodríguez Cadarso, co conforme da concelleira delegada da Área, emite o seguinte informe proposta,

“NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).
- Lei 30/1992, de 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común (LRJAP).
- Real Decreto de 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- O Pleno Municipal en sesión do 25 de marzo do 2013, acordou: *Desestimar a reclamación administrativa previa á vía xurisdiccional civil formulada por D. Antonio Fernández Falagan mediante escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 21.06.2012 ó non resultar procedente, á vista dos fundamentos xurídicos recollidos no corpo do presente escrito, a desafectación e rectificación inventarial solicitada respecto da Rúa Fátima desta cidade de Vigo, recollida no epígrafe I de Vías do Inventario municipal de bens e dereitos.*

SEGUNDO.- Notificada a resolución o interesado en data 16/04/2013, formulouse, con data de entrada no rexistro xeral deste Concello do 15/05/2013, recurso de reposición contra o devandito acordo plenario.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Procede admitir a trámite o recurso de reposición interposto por canto se fai en tempo e forma establecidos nos arts. 116 e 117 LRXAP e PAC.

O interesado no seu recurso manifesta a titularidade privada do tramo da rúa reclamada, o considerar que forma parte da súa parcela e sen que dispoña de servizos públicos, solicitando a continuación a tramitación do expediente e se constate a titularidade desta o seu favor.

SEGUNDO.- Ningunha destas alegacións ten virtualidade suficiente para desvirtuar a resolución que se recorre, por canto ademais de non fundamentarse en ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos arts 62 e 63 da LRXAP E PAC, como así se esixe no art. 107 do dito texto legal, non se observa tampouco dita concorrencia.

No recurso formulado límtase a incidir en cuestións que xa constan na instrución do expediente, informadas e resoltas no acordo adoptado e, neste senso, nos fundamentos xurídicos que serven de base ao mesmo, faise unha delimitación do ámbito competencial desta administración en relación as cuestións plantexadas polo interesado respecto os dereitos dominicais sobre o terreo afecto, que ó referirse a cuestións de dereito privado son competencia dos tribunais do orde xurisdiccional civil, de acordo co disposto no artigo 5 da LEC, non procedendo entrar nelas, *debéndose* centrar a controversia na configuración ou non dese tramo de rúa como público pola súa afectación ó uso público en xeral e polo tanto da posesión pública e pacífica por parte deste Concello, e conseguintemente sobre a correcta inclusión do mesmo no Inventario Municipal de Bens e Dereitos. Esta derradeira cuestión inventarial, sí lle compete ó seu coñecemento e resolución a administración municipal ó ter a obriga legal da súa formación, e atribuída ó Pleno municipal as competencias de aprobación, rectificación e comprobación (art. 32 LPAP, 278 LALG e 34 do RBEL). Polo tanto, os acordos e resolucións que sobre ditas materias poidan adoptarse son susceptibles de impugnación en vía administrativa mediante a interposición dos

recursos que o ordenamento xurídico prevé ó efecto (art. 107 da LRXAP).

TERCEIRO.- Tal e como sinala o art. 339 do C.C.: *son bens de dominio público, os destinados o uso público, como os camiños, canais, torrentes....* , concretando así mesmo no seu art. 344 que teñen esta consideración de bens de uso público, nas provincias e pobos, *as prazas, rúas , fontes e augas publicas, os paseos e obras de servizo xeral, costeadas polos mesmos pobos.*

Como quedou constatado no expediente, dito tramo forma parte da rúa Fátima, vía pública integrada na rede viaria municipal, reflectida como tal nos planos do catastro e na planimetría antiga do Concello, e afectada polas alienacións fixadas no PXOM vixente. Dita vía atopase vencellada o uso común e xeral de tódolos veciños indistintamente, o que determina a súa natureza demanial e sen que seu carácter público dependa do maior ou menor numero de servizos públicos instalados, xa que noutro caso negaríase a realidade da existencia de camiños de carácter rudimentario, carentes de firme ou servizos públicos, que non semellan polo tanto das mesmas características que as vías urbanas, aínda que sexan igualmente públicos.

A teor do exposto, estimándose correcto o acordo adoptado procede a desestimación do recurso formulado.

CUARTO.- Corresponde o Pleno Municipal, a resolución do recurso de reposición interposto contra o seu acordo de 25.03.2013 , de conformidade co disposto no art. 116 da L.30/92 de RXAP e PAC.

Por todo o anteriormente exposto, propónse o Pleno Municipal previo ditame da Comisión informativa de Xestión municipal, a adopción do seguinte .”

Deseguido o funcionario informante formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Economía e Facenda, en sesión do día 2 de setembro de 2013, ditaminou favorablemente dita proposta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

“ÚNICO. Desestimar o recurso de reposición interposto por D. Antonio Fernández Falagan contra o acordo do Pleno Municipal do 25/03/2013 o non resultar

desvirtuados, polos razoamentos expostos nos antecedentes do presente, os fundamentos técnicos e xurídicos que motivaron a súa adopción.

4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non houbo.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

5.-

MOCIÓNS:

5.1(151).- MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO SOCIALISTA, INSTANDO Á CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR DA XUNTA DE GALICIA A RESPONDER AS MOCIÓNS ENVIADAS SOLICITANDO INVESTIMENTOS EN POLÍTICAS DE EMPREGO. EXPTE. 487/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 14 de xuño, número 487/1101, o concelleiro do Grupo político Socialista, Sr. Rodríguez Díaz, formula a seguinte moción:

“Ó longo de este ano o Grupo Municipal Socialista vimos presentando mocións que foron aprobadas nos Plenos, instando a Xunta de Galicia a teren en conta á cidade de Vigo nas políticas activas de emprego.

A día de hoxe non obtivemos ningunha resposta a ditas demandas.

O Goberno de Vigo aprobou no seu presuposto 5,2 millóns de euros para plans de empelo, pois é a principal preocupación dos cidadáns encontrar un traballo, incrementando o presuposto de emprego nun 100%.

O Goberno do PP na Xunta de Galicia, nestes tres anos de goberno, incrementou o número de desempregados en 65.000 parados máis, e a súa política dá as

costas a este grave problema.

Po si isto for apouco, os recortes en servizos públicos e a Reforma Laboral prexudican seriamente que Galicia se poida recuperar: estamos en recesión, con aumento de numero de despidos, caída dos salarios, caída do consumo; en definitiva, coa política de Feijóo e o PP, produciuse un agravamento da crise.

Polo dito anteriormente, solicítase ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte:

ACORDO

-Instar á Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia a respostar de maneira positiva ás mocións nas que se solicitamos inversións en políticas activas de emprego feitas polo Pleno do Concello de Vigo, e en concreto: escolas e obradoiros de emprego, formación para desempregados, cooperación con entidades locais, plans de inserción laboral, fomento do cooperativismo e orientación laboral.”

A comisión informativa de Emprego e Participación Cidadá, na súa sesión do 18 de xuño de 2012, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: O Grupo Municipal Socialista vimos presentando mocións ao longo destes anos que leva gobernando o Partido Popular e o Sr. Feijóo na Xunta de Galicia, referidas a que Vigo sexa atendido como corresponde por poboación e tamén por número de desempregados/as nas políticas de emprego. Repetidamente vímolos presentando e repetidamente o Partido Popular vótaas en contra e seguen sen atender estas cuestións de vital importancia para os cidadáns. Como dicía, a día de hoxe non obtivemos ningunha resposta a ditas demandas.

Por contra, o Goberno Municipal encabezado polo Alcalde Sr. Abel Caballero, ven incrementando o seu orzamento ano tras ano en políticas de emprego, en contratación directa pero tamén con políticas “keynesianas” de contratación de traballadores a través das obras. Por que ven incrementado no seu orzamento? Porque a propia Xunta de Galicia ven reducindo ano tras ano os orzamentos adicados a este Concello para esas políticas de emprego, para contratar

desempregados/as, o mesmo que fai a Deputación ou a propia Xunta de Galicia, pois con outras cuestións como son a Axuda a Domicilio ou os comedores escolares reducindo as contías e tendo que ser este Goberno Socialista o que ten que cubrir esas necesidades que deixa de atender a Xunta de Galicia.

Pois ben, como é a primeira preocupación dos cidadáns e vemos que nestes máis de catro anos de Goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia hai un incremento de máis de 90.000 desempregados/as porque a súa política ven virando as costas a este grave problema.

Por si isto fora pouco, vemos cos recortes en servizos públicos como Ensino, sanidade, o incremento do custe dos medicamentos e a propia reforma laboral están a prexudicar gravemente que Galicia e que Vigo se poida recuperar, estamos en recesión, estamos cun aumento de número de espidos, cunha importante caída de salarios, con caída do consumo, en definitiva, coa política do Sr. Feijóo e do Partido Popular vense producindo un agravamento da crise.

Vemos como agora mesmo, en Vigo con 32.000 desempregados a Xunta de Galicia non aporta máis de 250.000 euros ao ano, fronte a máis de catro millóns de euros que con moitos menos desempregados/as aportaba o Goberno Bipartito anteriormente da Xunta de Galicia.

Por que traemos esta moción? Porque hai que atender ás persoas que están desempregadas, porque hai que estar con elas, o que non se pode é darlle as costas e deixalas inermes antes os avatares desta tremenda crise. Nós queremos, os Socialistas, que as persoas poidan atopar traballo, que poidan saír deste drama do desemprego, vemos como hai administracións como o Concello de Vigo que ven atendendo estas necesidades e sen embargo as que teñen competencias como a Xunta de Galicia da as costas a estes desempregados/as.

Pois ben, para combater este desemprego masivo e as súas consecuencias sociais vemos que a propia Xunta de Galicia, o goberno do Sr. Feijóo, é incompetente para impulsar a economía e que se poida crear emprego, vemos como o Goberno do Partido Popular e do Sr. Feijóo son incapaces para xestionar 1.500 euros que teñen de Fondos Europeos e para non poñer o 20% que lle corresponde, deixan de executar a súa maioría. Iso si que é deixar de atender, o fácil que é atender á Formación os Plans de Emprego, aos Fondos para a Cooperación como están a deixar a Vigo fora deles, é dicir, que son incapaces de

xestionar os Fondos Europeos. Por iso pedimos, engadir que a Deputación se implique na nosa cidade e non a deixe fora dos plans de emprego, porque só o fai para cidades de menos de 20.000 habitantes, e que a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia responda de maneira positiva ás demandas sobre emprego que lle fai o Concello de Vigo.

A PRESIDENCIA: Gárdase un minuto de silencio en memoria das vítimas de violencia de xénero despois de rematar esta moción se non lles importa aos Grupos.

SR. ALONSO PÉREZ: Temos aquí, neste Pleno, tratado en varias ocasións a situación de desemprego, e é normal que se debata porque este problema é o principal problema que ten a sociedade.

Efectivamente, dende o Concello pódense tomar políticas que palien un pouco esta situación, pero non debemos nunca perder de perspectiva quen ten a chave para que realmente isto cambie, e quen ten a competencia? Que é a Xunta de Galicia e o Goberno do Estado, e se o Goberno do Estado non cambia de política económica non haberá solución e este principal problema que ten a sociedade. Se seguimos coa obsesión polo déficit e pola conxelación fiscal que foi o que fixo que se chegara a seis millóns de parados, non solucionamos o problema, se non abandonamos a política de austeridade e a política de recortes non se soluciona o problema, recortando en Sanidade, Educación, os salarios dos funcionarios, o único que se consegue cos recortes é máis recesión, con máis recesión máis empobrecemento, con máis empobrecemento caída do consumo e coa caída do consumo aumento do desemprego. Isto é na noria que estamos metidos, e se realmente quen ten capacidade, a responsabilidade e a competencia que é o Estado e a Xunta de Galicia non cambian, o problema do desemprego seguirá igual.

Como contesta a esta situación de desemprego o Goberno do Estado, que é o que fan? Pois aproveitar a crise para favorecer a unha minoría da sociedade e prexudicar a maioría, aproveitan a crise para baixar salarios, para facer unha reforma laboral que consegue baixar salarios, aumentar o desemprego facilitando ERES, facilitando as condicións para desempregar, e ademais

conseguindo que aqueles que conseguen traballo sexan pola vía de contratos temporais, por aí non se vai solucionar o problema do desemprego.

Dicía o noso voceiro nacional, Sr. Xabier Vence, que a reforma laboral é unha fábrica de parados, unha fábrica de crear desemprego, e ademais para que a xente que padece esta situación teñan polo menos a posibilidade de ter unha prestación, resulta que as condicións limítanse e son moi estritas para ceder á prestación para parados de longa duración, esta é a situación que temos.

Nos datos de agosto parece que efectivamente hai unha caída do desemprego e de novo volvemos á política de propaganda, porque os 3.000 desempregos que desaparecen, é dicir, os 3.000 novos contratos que aparecen no mes de agosto coinciden exactamente coas 3.000 contratacións para combater o lume, ou sexa porque no mes de agosto, por desgracia, ardeu medio país e houbo que contratar a 3.000 novos desempregados, desaparece o problema do desemprego? O problema do desemprego segue aumentando cando desaparece o problema do lume e ademais porque moitos mozos/as están inmigrando e por desgracia, moitos desempregados desesperados xa non se apuntan ás listas do paro.

No Concello de Vigo, o Bloque Nacionalista Galego ten presentado nos últimos dous orzamentos dúas emendas para dedicar cinco millóns de euros para paliar esta situación é o mínimo que podemos facer dende o Concello de Vigo. Nós pensamos que a Deputación e a Xunta de Galicia deben colaborar na medida en que o está facendo o Concello, deben poñer tamén polo menos os cinco millóns de euros a Plans de Emprego, a Xunta de Galicia e a Deputación.

Polo tanto, imos apoiar esta moción do Partido Socialista, sabemos que dende o Concello o que facemos é paliar a situación pero que senón cambia a política económica, senón se deixa de facer propaganda como se fixo no sector naval, Galicia era a primeira nación do Estado en capacidade para construír buques e pasamos a terceira, xa nos pasou o País Vasco e Asturias mentres facemos propaganda, mentres non cambiemos esta situación, mentres o Estado e a Xunta de Galicia non cambien de política, este problema non vai ter solución.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Sr. Rodríguez Díaz, sorpréndenos enormemente a súa forma de facer as cousas, como pode ser que vostede fale de incapacidade da Xunta de Galicia e darlle as costas aos desempregados? Está a Presidenta da

Asociación de Veciños aquí, que traballaba nun Centro Cívico e que ten a catro persoas que votaron a rúa, non se sabe moi ben por que, con falta de transparencia. Efectivamente xa sabemos todos cal é a súa forma de facer políticas de emprego.

Imos continuar coa súa forma de facer o traballo nesta materia, vostedes quitan convocatorias no Concello de Vigo, convocatorias de subvencións, sorpréndenos que siga falando da Xunta de Galicia cando vostedes non son capaces de xestionar nin de facer as cousas como deben facelas, que o que demostra é a súa ineptitude á hora de facer o seu traballo en materia de emprego neste Concello. Saquen vostedes convocatorias de subvencións, concretamente para as asociacións veciñais, para a contratación de persoal nestas asociacións do un xullo ao 31 de outubro. O curioso é que as asociacións de veciños teñen que ter contratadas a estas persoas dende o 1 xullo ata o 31 de outubro, pero a convocatoria cando se poden presentar a esta opción as asociacións veciñais, é agora no mes de setembro, o prazo é concretamente entre o 3 de setembro e o 12 de setembro, xa me explicará vostede si isto é unha forma eficaz, eficiente e coherente de facer as cousas.

Pois que saiban as asociacións veciñais que perderon a oportunidade de contratar durante máis de dous meses, concretamente tres, a persoal porque vostede non é capaz de facer dunha forma coherente o seu traballo.

Ven a falar da Xunta de Galicia vostede siga criticando aos demais mentres ten a casa sen varrer.

Os Orzamentos da Xunta de Galicia, no vou falar só dos Orzamentos, quérolle falar concretamente dunha reunión porque a súa moción a presenta vostede o 14 de xuño, vostede trece días despois comparece coa delegada da Xunta de Galicia nun acto para a clausura dun programa que se chama Vigo Atende ,que é un obradoiro de emprego subvencionado con máis de 335.000 euros pola Xunta de Galicia, e vostede está sentado con ela nesa clausura. Alí infórmalle que non só a Xunta de Galicia inviste eses 335.000 euros nese programa senón que ademais invístese 3.500.000 euros en plans de cooperación, axentes de emprego, orientadores laborais, persoal que ten este Concello, orientadoras laborais que ten este Concello de Vigo pagados con cartos da Xunta de Galicia porque vostedes son incapaces de traballar, xa vimos a súa forma, a toro pasado.

No só iso, senón que ten plans de formación para ocupados e desempregados, formación e melloras en centros propios por máis de 8.500.000 euros, programas de cooperativismo e axudas a relacións laborais, un 1.700.000 euros, fomento de contratación por conta allea, promoción do emprego autónomo, apoio ás iniciativas de emprego e inserción laboral case catro millóns de euros. Como ve a Xunta de Galicia, se fai o sumatorio son máis de 17.500.000 de euros, paréceme que con catro millóns de euros que vostede adica supera con creces a inversión en materia de emprego da Xunta de Galicia.

Pero non só iso, ata son incapaces, non teñen opción a determinadas axudas, nin pode pedir da Xunta de Galicia porque o Concello de Vigo non ten aulas homologadas, os cursos e cursiños que dan serían para poder facer tortilla a un señor nunha casa, pero non para poder traballar de cociñeiro porque non se poden acreditar os cursos porque a súa concellería ou o seu departamento, o que vostede é o último responsable, non foi capaz en seis anos que levan gobernando de acreditar aulas, homologar aulas para poder dar os certificados de profesionalidade para que eses cursos que fai a xente realmente lle sirvan para algo e non para facer xardinería nas súas casas.

Está falando da Xunta de Galicia, Deputación eu creo que debería varrer a súa casa, organizar as súas cousas, presentar as subvencións cunhas convocatorias coherentes e transparentes e deixar de criticar aos demais cando vostede é incapaz de xestionar eficazmente súa concellería.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: O que non clarexou a Sra. Míguez é se van a apoiar que se invista neste Concello fondos de políticas activas de emprego ou non, é dicir, se se seguen negando a apoiar de que este Concello reciba fondos para desenvolver políticas activas de emprego.

Onde están eses dezasete millóns? Porque aquí non pasa de 300.000 as achegas fronte a catro millóns de euros que había co Goberno Bipartito. Vostede poderá dicir o que queira, estarán en Mos, en Porriño, non sei onde, pero aquí dende logo neste Concello non están eses cartos.

Cando vostede trata de misturar algunhas cousas como os traballadores dos centros cívicos que son traballadores dunha empresa privada, eran ou son traballadores dunha empresa privada, igual que outros moitos que desenvolven

humanizacións nas rúas, son traballadores de empresas privadas, non son traballadores deste Concello. Os que si eran traballadores da Administración Pública eran 3.800 funcionarios que despediu o Partido Popular e o Sr. Feijóo, eses si que eran traballadores da administración pública e os despediu o Partido Popular, debe ser aínda lle quedaban as listas do paro un pouco baixas e había que incrementalas.

Os orientadores que vostedes pagan aquí son dous orientadores e non pagan nin o 50%, os pagan mal, tarde e arrastro. Dende logo eu non clausurei o Vigo Atende con ningunha conselleira, está vostede confundida pero de tódalas maneiras eu o que lle pregunto é onde están esas axudas porque hai moitos emprendedores autónomos que fan solicitudes, dinlle que si e despois resulta que as axudas non aparecen ou desapareceron.

Os cursos que nós solicitamos, primeiro, a subdelegada aquí da Xunta de Galicia viña dicindo que non habíamos solicitado, despois como viu que habíamos solicitado por non sei que desculpa, vostede ven agora contando non sei cando. Nós temos un obradoiro onde se está facendo cociña, repostaría, hostalaría perfectamente homologados, así que iso é unha desculpa máis de vostedes.

A realidade é que vostedes son incompetentes para dar un impulso á economía, son incompetentes, o Partido Popular de Vigo, de ser capaces de reclamarlle ao seu partido de que invista de verdade aquí, son incapaces de xestionarlle o repito, 1.500 millóns de euros de fondos europeos que vostedes non invisten na súa totalidade por non poñer o 20% restante, iso si o 20% o gastan despois en propagandas ou en xoldas, e non sabemos para que queremos a Deputación ou a Xunta de Galicia os cidadáns de Vigo. Que é o que fan aquí cando vostedes se negan reiteradamente a que invistan en políticas de emprego e en obras tamén nesta cidade?.

VOTACIÓN: Con doce votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce votos en contra dos

membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade acordándose o seguinte,

ACORDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do grupo político Socialista, Sr. Rodríguez Díaz, instando á Xunta responda ás mocións remitidas solicitando políticas de emprego, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.2(152).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO SOCIALISTA, SOLICITANDO DA CONSELLERÍA DE SANIDADE QUE ASUMA O CUSTE ÍNTEGRO DA XESTIÓN DE CEDRO E INICIE A INTEGRACIÓN ORGÁNICA NO SERVIZO DE SAÚDE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA. EXPTE. 705/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de xullo, número 705/1101, a concelleira do grupo político Socialista, Sra. Abelairas Rodríguez, formula a seguinte moción:

“Ata o ano 2010 A Consellería de Sanidade e o Concello de Vigo asinaban un convenio para a cofinanciación dos gastos derivados da asistencia a drogodependentes en CEDRO.

Nos últimos anos a Xunta de Galicia modificou o sistema de cofinanciación asinando un convenio coa Fegamp para actividades asistenciais de drogodependencias e actividades de prevención de drogodependencias nos concellos.

O concello de Vigo ten que solicitar a adhesión ao texto do convenio, sen participar na súa redacción.

O mesmo sistema se utilizou para actividades de prevención de drogas e outras adiccións, excepto no ano 2012 que a Xunta de Galicia non financiou ningunha actividade.

Neste ano 2013, acabase de publicar unha convocatoria de subvencións en concorrencia competitiva para programas de prevención de concellos ou agrupacións de concellos, é dicir, volvese a codificar o sistema de cofinanciación.

O 17 de abril de 2012, a Xunta e a Fegamp asinaron o convenio de colaboración para a realización de programas de atención e protección da saúde (asistencia), aprobando a Xunta de Goberno Local de 18 de maio a solicitude de adhesión.

A día 19 de xullo de 2013, descoñecemos as previsións da Consellería para a cofinanciación dun servizo que debería asumir o SERGAS na súa totalidade. Non sabemos cantidade, sistema elixido (convenio) nin temos ningún tipo de información sobre as intencións da Consellería, salvo, o constatado desmantelamento da rede asistencial de drogodependencias.

O día 25 de xuño do pasado ano, o Pleno da corporación aprobou unha moción solicitando a Xunta de Galicia a integración orgánica de CEDRO no SERGAS, xa que a integración funcional foi establecida pola orden de 17 de marzo de 2007 da Consellería de sanidade.

Parece increíble, que, un servizo competencia da Consellería de Sanidade que xestiona

o Concello de Vigo con un custe de 1.600.000 €, a día 19 de xullo de 2013 descoñeza a cantidade que vai a percibir da Xunta de Galicia. Isto é planificación.

Polo anteriormente exposto propono o Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

ACORDO

- Solicitar da Consellería de Sanidade que asuma o custe integro da xestión de CEDRO e inicie a integración orgánica do servizo de asistencia a drogodependentes, no servizo de saúde da comunidade autónoma.

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do 22 de xullo, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: O 25 de xuño pasado o Pleno da Corporación aprobou xa unha moción solicitando da Xunta de Galicia a integración orgánica

de CEDRO no Sergas, xa que a integración funcional foi establecida pola orde do 17 marzo do 2007 da Consellería de Sanidade. O día que se presentou esta moción que foi o 18 de xullo do 2013 deste ano, non tiñamos aínda ningún tipo de coñecemento sobre a achega que ía facer a Xunta para o mantemento do CEDRO, como saben vostedes ata o ano 2010 era a Consellería de Sanidade e o Concello de Vigo os que asinaban un convenio para a cofinanciación dos gastos derivados da asistencia dos drogodependentes en CEDRO. Dunha forma totalmente unilateral a Xunta de Galicia modificou o sistema de cofinanciación en vez de negociar directamente cos concellos a través da Consellería de Sanidade, asina un convenio coa FEGAM, danlle os cartos á FEGAM e logo a FEGAM é a que se encarga de facer o que lle parece máis oportuno con eses cartos para cada unha das asistencias dos drogodependentes das cidades e de Galicia.

Non temos absolutamente ningunha oportunidade por partes dos Concellos de facer algunha aportación de colaborar e participar e propoñer porque repito dunha forma totalmente unilateral é a FEGAM a que decide como, cando e o que lle corresponde.

O Concello de Ourense ven de facer unha manifestación e solicitar unha reunión urxente coa FEGAM para poder, cando menos, mostrar a súa desconformidade co que se lle asigna, por certo o Concello de Ourense 402.000 euros e ó Concello de Vigo 454.000, porque ademais existe unha trampa, non o soubemos ata agora, non houbo ningunha comunicación do que nos correspondía e o que nos corresponde é case un 30% menos, non o que nos corresponde o que nos dan como unha esmola, recaendo no Concello de Vigo case a totalidade da financiación de CEDRO. Miren vostedes, temos 1.102 usuarios, 152 novos tratamentos, 82 casos novos e 70 reincidentes. O 70% estao asumindo o Concello de Vigo, cando o tiña que asumir o Sergas. Estaba falando hai un pouco e dicía a Sra. Veloso quedamos sen aeroporto, sen autobuses etc., a concelleira do Partido Popular falaba de que non estamos facendo nada en materia de emprego, pois fíxese vostede as competencias son da Xunta de Galicia, por riba son tramposos porque nas competencias que son da Xunta de Galicia, da Consellería de Sanidade que para iso existe a Xunta de Galicia ten tódalas competencias, non só nos rebaixa senón que fai unha trampa e di o financiamento vana ter vostedes do 1 de xaneiro a marzo, aumenta dous meses

máis, como si no Concello de Vigo non souberamos ler, pois miren eu fago a seguinte reflexión, quedamos sen, pero pretenden tamén vostedes que quedemos sen corazón e iso si que a responsabilidade é súa, deixar de atender a eses centos de persoas que están na rúa.

Estamos falando de adicións, de enfermidades, de persoas que necesitan atención, que está atendendo case en exclusividade o Concello de Vigo porque vostedes deixan de asumir as súas competencias.

Se o Concello de Vigo non investira máis de un 1.100.000 euros, costa un 1.500.000 CEDRO, se non os asumira eses 1.002 usuarios estarían na rúa porque a Xunta de Galicia despreocúpase total e absolutamente deles.

Fíxense que o que están facendo vostedes agora ou propoñen que a reforma da Administración imaxínense nesas competencias que vostedes teñen propias que o Concello de Vigo se retirara, imaxínense que o Concello de Vigo non investira, imaxínense o que pasaría, afortunadamente o Concello de Vigo aínda lle queda o corazón, a pesar de todos eses impedimentos que vostedes están poñendo.

Repito, é unha competencia do Sergas, da Xunta de Galicia, se nós non tiveramos previsto, se o Concello de Vigo non seguira investindo nos Servizos Sociais a pesar da crise, non pode servir como escusa quitarlle os dereitos, a saúde porque foi recoñecido polo Estado, tódolos Grupos presentes nas Cortes Xerais votaron a favor dunha Comisión e dun estudo feito por expertos onde se recoñecen as adicións como enfermidades mentais e como tales enfermidades deberían estar atendidas polo Servizo de Saúde, nos Centros de Saúde non en guetos previamente establecidos.

SRA. VELOSO RÍOS: Xa en xuño do 2012 votamos unha moción referida a CEDRO, na que xa se solicitaba dende este Concello que o Sergas asuma as súas competencias na asistencia ás persoas con drogo dependencias.

Daquela o Partido Popular pedía colaboración entre as administracións, hoxe haberá que lembrarlle ao Partido Popular que hai que colaborar entre as administracións, e colaborar entre as administracións non quere dicir que o Estado e a Xunta de Galicia se desentendan completamente deste problema como se están desentendendo.

Agora mesmo, a atención ás persoas con drogodependencias depende

fundamentalmente das cada vez máis asfixiadas contas dos concellos, son os concellos os que teñen que atender a estas persoas porque nin a Xunta de Galicia nin o Goberno do Estado están dedicando recursos para atendelas.

De feito, digan o que digan, non sei cal vai ser a xustificación que dea a Concelleira do Partido Popular na súa intervención, pero a min gustaría lembrar que o Director Xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas, o Sr. Félix Rubial, recoñeceu que a Xunta de Galicia recortou o ano pasado os seus fondos para programas municipais contra drogodependencia. Nunha Comisión Parlamentaria o Director Xeral de Asistencia Sanitaria indicou que nos orzamentos de 2012 había unha partida de catro millóns de euros, pero que os “axustes” aplicados pola Xunta de Galicia impediron que foran distribuídos, é dicir, houbo cero euros para estes programas, esa é a realidade.

Para prevención, este ano desaparecen as axudas por completo, esa é a realidade e a explicación do Sergas non é negalo, a explicación do Sergas é que vaise á achega do Estado, segue a pelota no mesmo tellado, efectivamente nin o Estado nin a Xunta de Galicia están dedicando recursos nin á prevención da drogodependencia nin á asistencia das persoas que sofren drogodependencia e queda nas mans dos concellos, única e exclusivamente.

Agora tódolos concellos ademais están pedindo, están demandando, o Concello de Pontevedra, o de Vigo, o de Ourense, unha xuntanza para que se dea explicacións sobre a actitude do goberno do Partido Popular e buscar solucións porque así é imposible manter estes servizos que son moi necesarios, evidentemente son un dereito de todos/as persoas que están afectadas, que nos podemos ver afectadas nun futuro directa ou indirectamente por unha situación así. Temos dereito á asistencia sanitaria e a asistencia sanitaria tamén inclúe este tipo de asistencia específica, é necesario aplicar políticas de prevención da drogodependencia e máis dunha comunidade autónoma como a nosa, máis nun país como Galicia, un país no que evidentemente a historia recente demostra, que o nivel de aceptación social das drogadependencias mesmo o nivel de aceptación social do narcotráfico e moi elevado, chega ás máis altas esferas, a historia recente demóstranos que as máis altas esferas deste país teñen relación con personaxes destacados do narcotráfico e non pasa nada.

Así que é importante que nesta comunidade autónoma especialmente, que no

noso país se dediquen recursos á prevención da drogodependencia, porque xa está ben, son moitos anos sufrindo neste país moitas mortes e moitas vidas destruídas como para que agora decidamos eliminar todo tipo de servizo de atención ás persoas con drogodependencias, que non son as responsables de que se manteñan eses negocios e de que siga apoiando aos que sacan beneficios económicos con este tema, non é o momento.

SRA. CENDÓN ALONSO: Dende logo eu non vou a negar a responsabilidade da Xunta de Galicia na atención ás drogodependencias, nin a Consellería de Sanidade, pero lembro que dende o ano 1984 o Concello de Vigo desenrola políticas activas de intervención en drogodependencias tanto na prevención como asistencia, como a reincorporación social, políticas que foron asumidas e financiadas inicialmente só por este Concello e que despois contou coa colaboración da Consellería de Sanidade a través de convenios. Todos lembramos os inicios daqueles programas naquel local que había na antiga Casa de Socorro e que en virtude destes convenios puido ir incrementando os seus servizos e atópase agora onde se atopa e coas instalacións que ten.

O Plan Galego de drogas establece que as administracións locais teñen competencias no ámbito da asistencia de drogodependencias, articuladas por Plans Municipais de drogodependencias como o que conta este Concello, e dende logo o financiamento e as partidas económicas son obrigatorias para tódolos concellos por riba dos 25.000 habitantes, como é o caso do Concello de Vigo.

Tamén os plans de acción do Goberno Estatal implica ás administracións locais, os plans nacionais non só os do Partido Popular, tamén os do Partido Socialista, sempre incluiron isto e foron os que o iniciaron ademais. Vostedes simplemente perseguen desprenderse dun servizo que entenden que é custoso para as arcas municipais, queren desprenderse do servizo e do que é peor dos traballadores; este servizo tal como está vense demostrando ao longo do tempo que é eficaz, polo que nós mantemos que debe continuar como se está prestando ata o de agora, debe integrarse na rede tanto de servizos públicos como centros concertados da Xunta de Galicia, a obriga da Consellería de Sanidade é non só financiarlos senón sobre todo coordinalos para acadar os obxectivos que marca a súa política, non só temos unidades asistenciais no ámbito local, temos unidades

hospitalarias, comunidades terapéuticas, centros de días, centros acreditados para a administración de metadona, unidades penitenciarias, que pretenden facer con estas, non as imos integrar, deixámolas funcionalmente e organicamente, que facemos con estas unidades?. Esta é unha rede que ten que estar perfectamente coordinada, sen duplicar para nada as prestacións.

Os datos epidemiolóxicos avalan que este é a estratexia acertada.

Non podemos esquecernos que a cidade de Vigo é a única que dispón de dúas unidades no ámbito local financiadas pola Xunta de Galicia, CEDRO e Alborada, non podemos establecer ningunha estratexia con CEDRO sen contar con Alborada e sen contar co resto dos recursos. Que facemos con Érguete que tamén ten asistencia, que facemos con Asvidal, co Madro, que facemos co restos dos recursos?, hai que integralos e calquera estratexia de transferencia, á que nós non nos opoñemos abertamente, require de que toda a comunidade autónoma estea de acordo e estableza os convenios, o seno da Fegan ao mellor é o adecuado.

Pero quero clarexar o tema dos orzamentos dos que vostede falaba, todos eses recortes que establece a Xunta de Galicia, eu non vou a negar que se producen axustes neste tema, non o vou negar, pero non as cifras que vostede da. Con respecto do 2013 o descenso é do 9% pero se temos en conta o número de usuarios, que son as cifras que vostede da, con respecto ao 2009 incrementouse o orzamento nun 10% porque pasamos de 480 euros a 529. Aquí hai diminución de usuarios no programa de metadona e hai diminución de usuarios de nova incorporación, si temos en conta esta diminución atopámonos cun incremento de orzamento por usuario. Sobre todo o orzamento é para doce meses, vostedes saben ler pero non saben interpretar, o que se dan son dous meses para xustificar o que había dificultade para xustificar no mes de decembro, as dúas terceiras partes cobrarase no ano 2013 e a outra terceira parte cobraranse antes do 7 de marzo, orzamento para doce meses.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Do 1 de xaneiro do 2013 ao 7 de marzo do 2014, pono aquí, non me invento nada, de todas formas creo que estamos falando de cousas distintas, creo que o dixi moi claro a concelleira do Bloque Nacionalista Galego.

Sra. Cendón, nós temos, nos temos, nos temos, vostedes o que non teñen é vergoña, o Partido Popular o que non ten é vergoña, pero como se atreve a dicir que temos que asinar convenios, non teñen que asinar nada, teñen que asumir as competencias só iso.

Voulle lembrar unha cousa, no Decreto de 12 de marzo de 2007, esta orde ten un artigo único, di “os centros de alcolemia e atención a drogodependente non alcohólicas que reciban financiamento da Comunidade Autónoma dependerán do responsable de saúde mental da área en consonancia co disposto na orde 20 de abril 1999 sobre atribucións definidas etc”. Xa están recoñecendo que é unha enfermidade, ser diabético tamén é unha enfermidade e o diabético está atendido nun centro de atención primaria por que non un dependente? Se teñen vostedes as competencias, por que non as asumen? Non bote balóns fora.

De tódalas maneiras gracias por recoñecer que é o Concello de Vigo o pioneiro en establecer un sistema digno, por recoñecer que leva moitos anos e por recoñecer que seguimos estando aí porque nese anteproxecto de reforma da administración local que vostede teñen presentado di “os concellos deixan de ter as competencias en materia de participación na xestión da atención primaria da saúde que ata o de agora se lle viña atribuíndo”, volven a redundar “deixar de ter” ou sexa que xa asumen, incluso vai moito máis alá. Sra. Cendón deixen a hipocrisía a un lado, non digan que se temos un máis ou un menos, asuman as competencias que son propias da Consellería de Sanidade, non deleguen e deixen nas mans da FEGAM, que nin sequera os concellos que somos os que temos o problema ao lado da casa podamos participar, dicir e propoñer que é o que lle correspondería a cada un de vostedes.

Estamos falando de dous conceptos completamente distintos, Sra. Cendón, nós estamos pensando nos dereitos das persoas, nas persoas con dignidade, non nas persoas ás que lle damos algo aí, aí lles queda que o que teñen vostedes. Vostedes falan de caridade e nós falamos de dereitos sociais, esa é diferenza de concepto, estamos falando da adicción como unha enfermidade, non como un vicio Sra. Cendón, esa é a diferenza, a adicción como unha enfermidade mental, se é adicto porque se ten unha enfermidade, non se é adicto porque sexa un vicioso, esa é diferenza.

VOTACIÓN: Con doce votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade acordándose o seguinte,

ACORDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do grupo político Socialista, Sra. Abelairas Rodríguez, solicitando da Xunta o custe íntegro da xestión de CEDRO, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.3(153).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á PRESIDENCIA DO PORTO A ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE DINAMIZACIÓN DA ACTIVIDADE DE CRUCEIROS. EXPTE. 725/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 29 de agosto, número 725/1101, o concelleiro do grupo político Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte moción:

“Os resultados do tráfico de Cruceiros no Porto de Vigo, no primeiro semestre do ano 2.013, son certamente negativos e enmárcanse nunha liña descendente que se vén observando nos últimos anos.

No primeiro semestre do 2.013, o Porto de Vigo ten a maior caída do conxunto do sistema portuario español cun descenso do 44,5%.

Fronte a esta situación, non se aprecia que desde a Autoridade Portuaria de Vigo adóptense medidas para investir esta tendencia nunha actividade tan importante para a cidade de Vigo en canto a turismo e incidencia económica.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte:

ACORDO

-Instar á Presidencia do Porto de Vigo á adopción de medidas de dinamización da actividade de Cruceiros na nosa cidade con accións concretas e campañas que permitan recuperar os espectaculares incrementos, en número de pasaxeiros, iniciados en 2.005 e que tan drasticamente descendieron nos últimos anos.”

A comisión informativa de Industria, Comercio, Turismo e Pemes, na súa sesión do 2 de setembro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

SR. LÓPEZ FONT: A importancia do Porto de Vigo para a cidade, para o conxunto do noso ámbito de influencia e de Galicia é absolutamente innegable, a achega histórica do Porto de Vigo á economía desta cidade foi permanente ao longo da súa historia. A diversidade das actuacións do Porto de Vigo foi evolucionando co paso do tempo como o resto dos portos, a necesidade de especialización en base ás potencialidades correspondeu e corresponde aos distintos presidentes/as nomeados para o Porto de Vigo.

No noso Porto automóbil, pesca e granito, entre outros foron os eixes tradicionais do noso negocio pero as condicións da nosa ría, a seguridade marítima e feito de que non peche ningún día ao ano e, porque non dicilo, a proximidade de Santiago de Compostela e doutros destinos turísticos converteron ao Porto de Vigo nunha excelente escala para os cruceiros, un tipo de turismo que foi crescendo, que é verdade que soporta a crise, que deixou de ser elitista e estendeuse á maioría dos cidadáns.

En materia de cruceiros o Porto de Vigo tivo uns anos de crecemento, basicamente entre 2005-2007 prodúcese un salto cualitativo e cuantitativo no sector, e por que non dicilo tamén, de proxectos que ao igual que outras cidades españolas apostaron claramente por este sector, isto supuxo un lanzamento do

Porto de Vigo, supuxo unha presenza tanto no ámbito nacional como no ámbito internacional, pero había proxecto no Porto de Vigo, como fixeron noutras cidades como Barcelona, Valencia, Alicante.

Por todo isto, presentamos esta moción polas noticias que temos sobre a evolución actual do Porto de Vigo, estas noticias, os datos que son incuestionables, sitúannos nunha enorme preocupación.

A miopía política partidista do Partido Popular tombou o proxecto máis ambicioso do Porto de Vigo, como sempre o Partido Popular á contra e o que aquí se dicía que era irrealizable, que nunca chegaron a demostrar, era posible con proxectos faraónicos en A Coruña, Santiago de Compostela e noutras cidades, un agravio máis pero xa o dixemos ese proxecto ambicioso para o Porto de Vigo con toda seguridade acabárase facendo, como hoxe afortunadamente, fomos capaces de conseguir que o Partido Popular modifique a súa proposta, a súa posición sobre o tema de aeroportos.

Dende este goberno buscamos o mellor para a cidade, sempre dende a colaboración institucional, non trasladamos a loita de siglas ao institucional, só defendemos a cidade e todo o que comporta sobre a economía e a sociedade viguesa. E cumprindo con esta máxima é certo que asistimos a un deterioro da xestión no Porto de Vigo, a descensos importantes nas cifras de negocio.

A moción que aquí traemos é unha moción leal, na que reclamamos que se tomen medidas porque creemos que a preocupación debe ser dos tres grupos que forman este Pleno do Concello de Vigo porque esa preocupación que debe ser de todos, contrasta coa sensación que temos de desleixo, de falta de respostas e de non ter actuacións concretas por parte dos responsables do Porto de Vigo. Iso é sobre o que chamamos a atención porque coñecemos que o Porto de Vigo caeu no primeiro semestre en canto ao que é a actividade de cruceiros nun menos 45%, é a maior caída de todo o sistema portuario español, pero non só iso senón que os datos de cruceiristas para este ano vannos devolver aos niveles do ano 2007, polo tanto está existindo un deterioro moi importante.

Dende esa colaboración leal e institucional da que o Alcalde de Vigo fai gala e que é o mellor expoñente, cremos que dende o Porto de Vigo débense tomar medidas, actuacións porque o que é evidente é que estamos perdendo terreo como dicía anteriormente, non só con respecto ao sistema portuario español en

xeral, senón con relación aos portos máis pretos, nin sequera estamos aproveitando a caída dos Portos de A Coruña e de Oporto, senón que se están beneficiando das nosas actuacións.

Quero lembrar que no ano 2007 o número de cruceiristas do Porto de Vigo supoñía o triplo que os cruceiristas que desembarcaban no Porto de A Coruña, polo tanto creo que estas cifras son suficientemente ilustrativas para que se tomen medidas, para que se volva á realización de proxectos de campañas e de presenza internacional como se tivo nos anos 2005 ao 2007 no que o sector de cruceiros era consciente de que todo o que se estaba propoñendo no Porto de Vigo ía redundar nun éxito, nunha evolución positiva como así foi, porque o que veu posteriormente do ano 2007 era consecuencia do que se planificou entre o período 2005-2007. Polo tanto, nese ámbito de colaboración institucional, de buscar o mellor para a cidade é polo que presentamos esta moción na que simplemente chamamos a atención sobre a situación na que nos atopamos, e cremos que se deben adoptar medidas.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Efectivamente nós imos apoiar esta moción do Grupo Municipal do Partido Socialista, estamos de acordo con ela.

En primeiro lugar, hai que dicir que sen dúbida algunha cando se comproba que hai unha caída de viaxeiros, de cruceiristas como este caso, as administracións competentes teñen que facer dúas cousas que caen de caixón, en primeiro lugar analizar o por que desta caída, as causas que están propiciando que vexamos de crecer o número de cruceiros e a súa vez de cruceiristas que chegan a nosa cidade.

En segundo lugar, unha vez analizadas estas causas hai que poñer en práctica as medidas necesarias para intentar cambiar estas tendencias. Estas son dúas cousas que caen de caixón, primeiro haberá que ver por que, haberá que facer unha análise profunda e segundo lugar haberá que poñer as accións determinadas para evitar que esas tendencias de caída continúen.

Pois ben, por parte da Autoridade Portuaria non se está facendo nin o primeiro nin o segundo, é dicir, non se está facendo absolutamente nada, estase deixando que a cousa vaia como o mercado queira ir.

Porque ademais, e aquí si que quero tamén meter no mesmo saco ao Goberno

Municipal, porque ademais Sr. Font, partimos dun erro conceptual moi importante, e é que a promoción e a dinamización da chegada de cruceiros e cruceiristas á nosa cidade non se pode tratar como un elemento illado da promoción turística da cidade en xeral, non podemos tratar a chegada de cruceiristas como un departamento estanco que non contemple a promoción global da cidade, e é aquí, na promoción global da nosa cidade turisticamente falando, onde tanto a Autoridade Portuaria como o propio Goberno Local están facendo augas por todas partes. Non hai, Sr. Font, ningún tipo de coordinación en materia turística entre a Autoridade Portuaria e este Goberno Municipal, ningunha, non hai tampouco nin parte da Autoridade Portuaria nin por parte do Goberno Municipal ningunha planificación polo menos que a cidadanía coñeza e que nos coñezamos, ningunha planificación nin a medio nin a longo prazo, que posicione e que poña en valor todo o que temos nesta cidade que afortunadamente é bastante. Non existe unha promoción que parta das nosas singularidades propias como cidade e que parte, así mesmo, como da singularidade propia do noso mar, que para iso evidentemente tamén moito que ver o Porto de Vigo. Si hai que recibir ben cando chegan os cruceiristas, hai que darlles toda a información sobre a cidade, pero primeiro vou dicir outra cousa que cae de caixón, pero para darlles esta atención primeiro temos que conseguir que cheguen a nosa cidade e aquí e onde realmente hai unha ausencia total de ningún tipo de planificación, porque hai que facer promocións en orixe, non aquí na nosa cidade, moitas veces gastamos miles de euros en publicidade aquí e esquecémonos que para promocionar a nosa cidade temos que facer campañas de promoción en orixe como se teñen feito, cando o Bloque Nacionalista Galego tiña a responsabilidade en materia turística nesta cidade.

Sr. Font, 2005-2007 pero esquecese vostede dun dato, dende o 2007 ao 2011 cando o Bloque Nacionalista Galego tiña responsabilidade turística e si existía esa coordinación foron os catro anos que máis aumentamos, ano tras ano o número de cruceiristas que chegaban a nosa cidade, e aí están os datos.

Temos que dialogar co sector, temos que implementar accións conxuntas cos sectores turísticos da nosa cidade, temos que ofertar packs turísticos globais que faciliten a diversidade do que ofertamos aos que nos queiran visitar, temos que facer promoción turística para todo o ano nesta cidade, temos que

desestacionalizar o noso turismo e para iso había un instrumento que tamén o Bloque Nacionalista Galego puxo en marcha, que era o Vigo Convention Bureau e que tiña tamén coordinación coa Autoridade Portuaria, un instrumento que nestes momentos por desgracia nin se sabe, nin se escoita absolutamente nada del.

En definitiva, estamos de acordo con que hai que dinamizar a chegada de cruceiros á nosa cidade de que hai que potenciala, pero se non o facemos de xeito global con toda a promoción turística da nosa cidade seguiremos poñendo unha vez máis parches en materia turística de promoción de Vigo.

SR. ÁLVAREZ PÉREZ: Sr. Font, antes de nada creo que me vou ver na obriga de explicarlle varios conceptos de matemáticas básicas e estadística, non lle pido que interpole, que derive ou que faga correlacións, sinxelamente que sume, reste, analice os datos, nada máis.

Comézanos a falar de datos do 2013 cando vostede sabe perfectamente que os datos portuarios son completamente estacionarios, e como se nos chega aquí en febreiro e di que o tráfico portuario descendeu a cero, cunha mensaxe alarmista, non Sr. Font, os principais meses de tráfico portuario son xullo e agosto e vostede sabeo perfectamente, por exemplo, en xullo deste ano duplicouse case o tráfico de cruceiros con respecto ao ano pasado, dato que por suposto non menciona. Tamén outro dato incorrecto que menciona é que o tráfico mídese polo número de barcos que chegan ao Porto, e ata xuño do 2013 o descenso non é dun 44,5 e dun 24,44, datos de Portos do Estado, revise as súas fontes, fíxese, número de barcos, iso é tráfico portuario Sr. Font. É máis, tendo en conta iso saberá tamén que o Porto de Málaga e o Porto das Palmas tiveron un descenso do 38% e 19% debido ao estacionamento, ese concepto tan simple e básico que parece que esquecemos.

Despois fala de liña descendente nos últimos anos, o único descenso que houbo foi o ano pasado dun 5%, que coa crise global está máis que ben, pero imos ver uns pequenos datos, porque tamén fala de espectaculares incrementos iniciados no ano 2005, sóalle este gráfico? Este gráfico Sr. Font, é o número de cruceiros entre o 2005 e o 2007, que pasou de cento un a oitenta e sete mentres vostedes eran responsables da Autoridade Portuaria, esta é a realidade que hai, non sei

onde ve vostede as liñas ascendentes, os espectaculares incrementos, por non dicir tamén o número de cruceiristas o saberá, en 2006, o ano no que estiveron no Porto vostedes, descenderon de 131.000 a 129.000 cruceiristas, non sei como podemos falar de espectaculares incrementos iniciados no 2005, igual quere falar dunha nova nomenclatura ou un cambio semántico de determinados conceptos. Isto parece como a película “do sexto sentido”, alí dicían que vían pantasma, vostede ve tendencias e ve liñas onde non as hai.

Falemos de promoción, Sr. Font, vostede debería saber perfectamente que unha das competencias do Porto é crear e manter as infraestruturas e unha das competencias do Concello de Vigo como remarcou o Sr. Domínguez é a promoción turística que lle corresponde ao Concello de Vigo. Sen ir máis lonxe concellos como o de Vilagarcía, o de Ferrol, o de A Coruña si están colaborando coa Autoridade Portuaria para conseguir un incremento dos cruceiristas, por exemplo construíndo centros de recepción de cruceiristas, vostedes sen embargo pechan oficinas e casetas de turismo, para que imos facer promoción de cruceiros, nin promoción de nada, contratando informadores turísticos só para os cruceiristas, vostedes despiden aos que hai, folletos específicos para os cruceiristas, vostedes dedícanse a promocionar dende a oficina de información turística que está na estación marítima zoolóxicos de Lugo xa nos explicarán, vídeos promocionais, visitas guiadas, nada disto fan aquí co Porto de Vigo. Que pasa sáelle algún tipo de urticaria se fan o seu traballo, só lle pedimos que se dediquen a realizar o seu traballo, nada máis.

Promoción turística para colaborar, tal é o afán de non promocionar o Porto de Vigo que incluso na páxina web do Concello non aparece ningún link coa Autoridade Portuaria, ningún cando si se fai en cidades como Málaga, Valencia A Coruña ou Barcelona, que queren fundir o Porto como o fixeron con Peinador e despois dicir que a culpa é nosa e que hai que salvalo e a súa técnica, a súa estratexia, seis anos sen facer nada. Duplicouse o número de cruceiristas dende o 2006 ao 2012, duplicado Sr. Font non se esqueza diso. Non sei como van explicar que Vigo é a única cidade en Galicia que non se fai promoción turística dos cruceiros e o Porto si o está facendo en solitario, con presenza en stand individuais nas principais feiras estranxeiras, patrocinio de determinados eventos, misións comerciais.

SR. LÓPEZ FONT: Dende hai seis anos teño a esperanza de que vostedes defendan a esta cidade, e Pleno tras Pleno o único que defenden vostedes é as súas siglas e aos cargos que están nomeados polo Partido Popular, iso é o que levan facendo vostedes dende hai seis anos.

Sr. Álvarez, non me vai dar clases absolutamente de nada, e tampouco me vai dar clases de misturar barcos cando lle interesa a vostede e número de cruceiristas cando lle interesa a vostedes, non me vai dar clases. Agora do que non me pode dar clases é de que vostede faga os gráficos co que quere porque a realidade é esta, e isto ten cabeceira do Porto de Vigo, e este gráfico di que no ano 2003 había 72.000 cruceiristas e iso multiplicouse por dous no período 2005 e 2007. Vostede pode facer o gráfico que queira pero este é o que vale, este é o oficial e o que é evidente é que o número de cruceiristas deste ano vai ser igual que o do ano 2007. Polo tanto, creo que vostedes deberían de facer a autocrítica e vir aquí, Sr. Álvarez e concelleiros do Partido Popular a defender a esta cidade, non a defender a xestión dos cargos que teñen vostedes porque o que é evidente é que un semestre é suficiente para avaliar unha caída porque é que ademais menten, e está dicindo en contra dos seus propios argumentos, que había que miralo o 1 de agosto e resulta que os datos de 1 de agosto tamén son negativos nun 35%.

Polo tanto, non se trata de traer “barquitos” pequenos para sumar barcos, non se trata de falar de número de cruceiristas nos anos que me interesa e nos anos que non me interesa. Trouxemos Sr. Álvarez, esta moción sen ningunha afán partidista simple e chairamente intentando colaborar co Porto de Vigo porque o seu discurso cáese polo seu propio peso cando o actual Presidente da Autoridade Portuaria non quere colaborar con este Concello.

Antes de soltar todo o que acaba de dicir a este Pleno, deberíalle ter preguntado ao Presidente da Autoridade Portuaria que fixo por colaborar con este Concello, iso si colaborou co Sr. Louzán a que se marxinase ao Alcalde de Vigo na saída da volta ciclista a España, debe estar vostede Sr. Álvarez moi contento.

Nós traemos estritamente esta moción para que se tomen medidas, a caída dos cruceiros e dos cruceiristas no Porto de Vigo é tan real como as estadísticas de Portos do Estado. O que é evidente é que non hai estacionalidade, o que hai é

unha falta de proxecto e de presenza internacional do Porto de Vigo que noutros tempos houbo.

SR. FIGUEROA VILA: No noso grupo vai ausentarse en tódalas votacións un dos seus representantes porque o Alcalde tivo saír a representar á cidade na inauguración do Congreso Mundial do Atún. Polo tanto, para que non se desvirtúen os votos é unha cuestión de cortesía política parécenos que é o correcto, polo tanto un dos nosos membros vaise ausentar en tódalas votacións para que non se desvirtúe.

(Neste punto da Orde do Día atópase ausente o Sr. Alcalde e preside o Pleno da Corporación a Sra. Silva Rego; así mesmo está ausente no momento da votación a Sra. García Miguez)

VOTACIÓN: Con once votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e once votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade acordándose o seguinte,

ACORDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do grupo político Socialista, Sr. López Font, instando da Presidencia do Porto de Vigo medidas de dinamización da actividade de cruceiros, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

6.- ASUNTOS OU MOCIÓNS URXENTES.

Non houbo.

PARTE DE CONTROL

1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.

1.1(154).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 24 de xullo e 4 de setembro de 2013.

1.2(155).-DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 24 de xullo e 4 de setembro de 2013.

1.3(156).- DAR CONTA DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA ÁREA DE INDUSTRIA, TURISMO, CULTURA E FESTAS NO CONCELEIRO D. CARLOS LÓPEZ FONT DENDE O 31 DE XULLO ATA A INCORPORACIÓN DE D. CAYETANO RODRÍGUEZ ESCUDERO. EXPTE. 714/1101.

ANTECEDENTES.- Con data 30 de xullo de 2013, a Alcaldía ditou a seguinte Resolución:

“Por Resolución desta Alcaldía de data 7 de febreiro de 2013, procedeuse a estruturar as áreas executivas e/ou materiais do goberno municipal. Como consecuencia da mesma delegouse no Sr. Concelleiro Cayetano Rodríguez a Área de Industria, Turismo, Cultura e Festas, nos termos e condicións que na mesma se recollen e sen prexuízo da superior dirección política, goberno e coordinación dos servizos corporativos que corresponde a esta Alcaldía.

Por motivos persoais que afectan ao citado membro do goberno, procede neste intre avogar dita delegación, e encomendar a xestión ao Concelleiro Ddo. de Mobilidade, Seguridade e Xestión Municipal.

Polo exposto, en uso da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal, ostenta esta Alcaldía - artigo 124.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local- e de conformidade co previsto nos artigos 43 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais,

RESOLVO:

Primeiro.- Avogar a competencia delegada no Concelleiro Cayetano Rodríguez na Área de Industria, Turismo, Cultura e Festas.

Segundo.- Delegar no Concelleiro D. CARLOS LÓPEZ FONT, as competencias municipais en materia de Industria, Turismo, Cultura e Festas, nos termos sinalados na Resolución de 7 de febreiro de 2013.

Terceiro.- A presente Resolución terá efectos a partires do 31 de xullo do 2013, ata a súa reincorporación, sen prexuízo de posteriores modificacións.

Cuarto .- As atribucións da área de Industria, Turismo, Cultura e Festas non sufrirán variación ningunha e resultando igualmente de aplicación o resto dos apartados -Terceiro, Cuarto, Quinto, Sexto, Sétimo, Oitavo, Noveno, Décimo, Décimo primeiro.

Quinto .- Notificar a presente Resolución aos Concelleiros e demais persoal interesado.

Sexto .- A presente Resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986.

Sétimo .- Da presente Resolución, de conformidade co establecido no art. 44.4 do RD 2568/1986, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal, darase conta de forma individualizada ao Pleno da corporación aos efectos de que quede informado da mesma.”

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.

1.4(157).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 8.08.2013, NOMEANDO SEGUNDO SUPLENTE DA SECRETARÍA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL AO CONCELLEIRO, D. CARLOS LÓPEZ FONT. EXPTE. 720/1101.

ANTECEDENTES.- Con data 8 de agosto de 2013, a Alcaldía ditou a seguinte Resolución:

“Por decreto de data 13 de xuño de 2011 (modificado por Resolucións do 6/02 e 23/05/2013 a Alcaldía-Presidencia nomeou aos membros da Xunta de Goberno Local e designou a D^a M^a Jesús Lago Rey como secretaria e a D^a M^a Isaura Abelairas Rodríguez como suplente da mesma.

Nas datas actuais e por razóns organizativas, faise necesario nomear a un segundo suplente da secretaria da Xunta de Goberno Local a quen, en ausencia da titular e da primeira suplente, lle corresponderán as funcións establecidas no artigo 126.4 da LBRL.

Polo exposto, de conformidade co establecido nos artigos 3, 52 e 53, e demais concordantes do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e preceptos concordantes da Lei 7/1985.

RESOLVO:

Primeiro.- Nomear segundo suplente da secretaria da Xunta de Goberno Local ao concelleiro e membro da mesma, D. CARLOS LÓPEZ FONT, a quen lle corresponderán as funcións establecidas no artigo 126.4 da LBRL en ausencia da titular do cargo e da primeira suplente.

Segundo.- A presente resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986.

Terceiro.- Comunicar a presente aos concelleiros/as interesados a facela pública mediante a intranet municipal para xeral coñecemento.

Cuarto.- Da presente resolución darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma.”

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.

2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.

3.- COMPARENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Non se realizaron

4.- MOCIÓN.

4.1(158).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, INSTANDO AO GOBERNO LOCAL A DEMOLICIÓN DA CRUZ DOS CAIDOS SITUADA NO MONTE DO CASTRO, E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 727/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 2 de setembro, número 727/1101, a voceira do grupo político do BNG, Sra. Veloso Rios, formula a seguinte moción:

“Setenta e sete anos despois do 18 de xullo de 1936 a sociedade galega busca rehabilitar a figura de todas as galegas e galegos mortos desde esa data en memoria e homenaxe de todos e todas as cidadás que deron a súa vida ou padeceron o exilio por defenderen a liberdade e os dereitos democráticos e nacionais do pobo galego. O 17 de agosto de 1936 foi fusilado en Poio Alexandre Bóveda tras un proceso que desembocou nunha condeá a morte por un tribunal de forzas antidemocráticas sublevadas contra o réxime constitucional da Segunda República española, un asasinato que foi considerado por Castelao como símbolo de todas as persoas que deron a súa vida pola liberdade na historia do pobo galego. Para o avance dun estado democrático no século XXI é preciso o recoñecemento do pasado e a mudanza de todas as inxustizas.

O 27 de agosto de 1936 xunto aos valados do cemiterio de Pereiró eran asasinadas varias persoas, algúns dos máis destacados dirixentes da esquerda

viguesa, entre eles o alcalde da cidade, Emilio Martínez Garrido. Tamén Enrique Heraclio Botana, dirixente socialista galego, fundador de UGT en Vigo e director do diario *Solidaridad*; Waldo Gil Santostegui, médico e político, membro do Partido Socialista Obrero Español e da Unión General de Traballadores; Ramón González Brunet, político e sindicalista galego, membro da Unión General de Trabajadores, da que foi dirixente en Vigo, e do PSOE; Apolinar Torres, mestre, pedagogo e activo sindicalista da Federación Española de Traballadores do Ensino; Ignacio Seoane, sindicalista, político e dirixente socialista galego, militou en UGT e no PSOE e foi elixido deputado pola Fronte Popular nas eleccións xerais de 1936; Antonio Bilbatúa Zubeldía, político e dirixente socialista galego elixido deputado da Fronte Popular en febreiro do 1936; e José Antela Conde, político socialista galego, alcalde de Lavadores durante a Segunda República. As cifras detallan que tras esta matanza até 740 persoas foron asasinadas tamén en Pereiró durante e despois da Guerra Civil.

O 27 de agosto de 2013 diversas organizacións, entre elas o BNG, convocaron a todos os vigueses e viguesas a participar nun acto de homenaxe fronte ao monumento erixido sobre a fosa común que recorda as vítimas daquela matanza no cemiterio de Pereiró. O pobo de Vigo quixo rendir así homenaxe a todas e cada unha das vítimas da represión fascista de 1936 e da posterior ditadura franquista. Pero ademais consideramos necesario que as actuais autoridades democráticas realicen un desagravio e reparación e para iso cómpre recordar aqueles vestixios do réxime que seguen existindo na nosa cidade máis de cinco anos despois da aprobación da Lei da Memoria Histórica que obriga a retirar dos espazos públicos todo símbolo ou mención “conmemorativa de exaltación, persoal ou colectiva, da sublevación militar, da Guerra Civil e da represión da ditadura”. Foi retirado o vitor gravado no frontispicio da Casa das Artes, pero outros elementos conmemorativos, algúns ben visíbeis e simbólicos, permanecen, incomprensiblemente, en pé.

ACORDOS:

- 1.- O cumprimento da Lei de Memoria Histórica no Concello de Vigo.
- 2.- A demolición da Cruz dos Caídos situada no monte do Castro por ser un monumento franquista que ofende ao conxunto da cidadanía.
- 3.- A eliminación do rueiro de Vigo dos nomes de personaxes que directamente foron representantes e colaboradores da ditadura franquista e verdugos de centos de republicanos e republicanas na nosa cidade.
- 4.- A colocación dun panel municipal de advertencia, próximo aos restos do capitán Carreró, que indique que este foi un criminal fascista responsábel do asasinato de miles de cidadáns e cidadás de Vigo.
- 5.- A realización dunha revisión exhaustiva dos nomes das rúas da cidade de Vigo para renomear as prazas, edificios, rúas, paseos, ruelas e calexóns públicos e atribuírlles os nomes de persoas republicanas loitadoras e mártires de Vigo.

6.- A petición de adhesión e apoio ao xuízo que se desenvolve na Arxentina contra os delitos de xenocidio cometidos pola ditadura franquista.”

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do 2 de setembro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

SRA. VELOSO RÍOS: Hoxe, o Bloque Nacionalista Galego quere traer unha moción ao Pleno do Concello de Vigo que serva para dar cumprimento a Lei da Memoria Histórica na nosa cidade, e sobre todo que a figura sirva de homenaxe á memoria de tódolos galegos/as mortos dende o 18 de xullo de 1936, que deron a súa vida ou padeceron o exilio por defender a liberdade e os dereitos democráticos e nacionais do pobo galego.

En 1936, logo do 18 de xullo, comezaron unha serie de asasinatos por parte dos que apoiaron un levantamento militar en contra da República, que foi o inicio dun longo período de ditadura, de represión, de asasinatos que continuaron durante moitos anos impedindo unha vida democrática e de liberdade no noso país.

Na nosa cidade tamén houbo exemplos desta situación ven senlleiros por exemplo, o 27 de agosto de 1936 xunto os balados do cemiterio de Pereiró foron asasinadas varias persoas algúns dos máis destacados dirixentes da esquerda viguesa entre eles o propio Alcalde da cidade, o Sr. Emilio Martínez Garrido, pero tamén foi asasinado o Sr. Heraclio Botana, Sr. Gil Santos Tegui, Sr. González Brunet, Sr. Apolinar Torres, Sr. Ignacio Seoane, Sr. Antonio Bilbatúa Zubeldia e Sr. José Antela Conde, son algúns dos nomes das persoas asasinadas nesta cidade, foi ese día o 27 de agosto de 1936 xuntos os valados do cemiterio de Pereiró, pero foron moitos os homes e as mulleres que sufriron torturas, que sufriron o asasinato ou que tiveron que exiliarse simplemente por defender as liberdades, a democracia.

Setenta e sete anos despois o 27 de agosto de 2013 distintas organizacións da cidade, entre elas o Bloque Nacionalista Galego, convocaron a tódolos vigueses/as participar nun acto de homenaxe fronte ao monumento erixido sobre a fosa común que recordas as vítimas daquela matanza no cemiterio de Pereiró.

O pobo de Vigo quixo así render homenaxe a todas e cada unhas das vítimas da represión fascista de 1936 e da posterior ditadura franquista. Pero ademais de celebrar estas homenaxes nós consideramos necesario que hoxe se realice un desagravio e reparación e para iso cumpre recordar todos aqueles vestixios do réxime que seguen existindo na nosa cidade cinco anos despois da aprobación da Lei da Memoria Histórica. Unha que lei que obriga a retirar de tódolos espazos públicos símbolos ou mencións conmemorativas de exaltación persoal ou colectiva da sublevación militar da Guerra Civil e da represión da ditadura, como exemplo foi retirado o gravado no frontispicio da Casa das Artes, pero desgraciadamente segue outros elementos conmemorativos, algúns ven visibles, moi simbólicos, algúns que se abrísemos as persianas deste salón de Plenos poderíamos ver, que se ve dende boa parte da cidade como por exemplo a Cruz do Castro.

Nós con esta moción pedimos que se adopten neste Pleno os seguintes acordos: en primeiro lugar, o cumprimento da Lei da Memoria Histórica no Concello de Vigo, en segundo lugar a demolición da Cruz dos Caidos situada no Monte do Castro por ser un monumento franquista que ofende ao conxunto da cidadanía, non é un monumento relixioso, non é un monumento en homenaxe a tódolos caídos de tódolos bandos é un monumento que foi inaugurado polo Xeneral Francisco Franco para lembrar as vítimas do bando nacional. Pedimos tamén a eliminación do rueiro de Vigo dos nomes de personaxes que directamente foron representantes e colaboradores da ditadura franquista e verdugos de centos de republicanos/as na nosa cidade. A colocación dun panel municipal de advertencia próximos aos restos do Capitán Carreró que indique que este foi un criminal fascista responsable do asasinato de miles de cidadáns/as de Vigo, a realización dunha revisión exhaustiva dos nomes das rúas da cidade de Vigo para renomealas prazas, edificios, rúas, paseos, rúelas e calexóns públicos e atribuírlle os nomes de persoas republicanas loitadoras e mártires de Vigo e a petición de adhesión e apoio ao xuízo que se desenvolve en Arxentina contra os delitos de xenocidio cometidos pola ditadura franquista.

SR. LÓPEZ FONT: Os socialistas sempre estivemos preocupados pola memoria histórica, o exemplo é que a Lei de Memoria Histórica é dun goberno socialista

porque gran parte da nosa historia está precisamente nese período, queremos recoñecelo, e período e actuación de militantes socialistas e de tódolos demócratas dos que nos seguimos orgullosos.

Os primeiros pasos de ese recoñecemento de memoria histórica foron nesta cidade dun Alcalde do Partido Socialista, as primeiras actuacións sobre cambios de nomes e sobre retirada de símbolos corresponden a un Alcalde socialista. Pero tamén este Goberno presidido e do que é Alcalde Abel Caballero contribuíu decisivamente a este recoñecemento, déronse pasos moi concretos, o xardín da memoria histórica dignificou o que é a memoria histórica para as persoas que perderon a súa vida. Procederemos á próxima eliminación dos xardíns de Eijo Garay como xa procedemos ao cambio do nome do colexio, e todos aqueles que se non puideran pasar co que propoñen vostedes tamén actuaremos.

Pero actuamos de común acordo co bispado na eliminación das placas superpostas en edificios e en igrexas, polo tanto unha actuación que comprendeu moitas actuacións e que evidentemente, sen atender contra o patrimonio cultural supuxo a eliminación de todo vestixio dese tempo. Isto realizouse dunha forma eficaz e dunha forma consensuada, todo isto, na nosa opinión, facémolo para honrar e facer un recoñecemento aos que morreron por defender as súas ideas políticas, aos que foron asasinados como fai pouco celebrábase o 27 de agosto, por compartir cos que estamos aquí un cargo de concelleiro ou de Alcalde para o que foron elixidos e elevamos ese recoñecemento ao máis alto rango ao darlle convocatoria institucional.

Nese sentido nós damos a benvida a outras partidos que se sumaron a estas convocatorias, cada un entendendo como as deberían facer, pero é evidente que os socialistas, tódolos 27 de agosto honrabamos a memoria de aqueles que faleceron, este é un trazo da memoria histórica a convocatoria deste acto institucional.

A Lei está para cumprila, e nós estamos a favor de cumprila, a súa interpretación é certo que pode ser obxecto de discrepancia pero non tódalas accións que se poidan propoñer axústanse ao que entendemos como cumprimento da Lei de Memoria Histórica, en ocasións a fixación converte nun símbolo aquilo que non o é, refírome concretamente á petición de retirada da Cruz do Castro, é a Cruz do Castro non ten outra denominación e é a Cruz, a

diferencia do que acaba de dicir a Sra. Veloso, si é a tódolos caídos. Eu aquí quero referirme ao acordo, para nós de gran valor político e de primeira magnitude en canto ao momento no que se adopta, o acordo que por unanimidade adoptou este Pleno a proposta do entón Alcalde don Manuel Soto Ferreiro o 30 de xullo de 1981, aprobada por unanimidade de tódolos que compoñían aquela corporación e dicía de colocar unha placa para que esa fora a cruz de tódolos caídos no período entre 1936-1939. Nese momento ao noso entender deixa de ser un símbolo de carácter fascista e é importante o que se dicía para aprobar aquilo, dicía que “o desexo de que non existan vencedores nin vencidos e non volva outra guerra fratricida neste país, e que o mesmo poda seguir a súa andadura de democracia, liberdade e paz”, nós, como Goberno neste momento compartimos o que o 30 de xullo dicíase, cremos que é o que se debe manter como pronunciamento deste Pleno.

Polo tanto, nós o que si queremos Sra. Veloso, concelleiros do Bloque Nacionalista Galego é que ao igual que noutras ocasións se poida votar por separado nesta moción, sobre votar por separado para que reflecta perfectamente cal é o sentir, porque nós compartimos con vostedes, e o acto do 27 de agosto así o elevaba a rango institucional, o cumprimento da memoria histórica, pero hoxe a Cruz do Castro só é iso unha cruz.

SR. RELOVA QUINTEIRO: Nós unicamente manifestamos o apoio total a ese acordo por unanimidade deste Pleno da Corporación cando don Manuel Soto era Alcalde e simplemente manifestamos que estamos de acordo con ese acordo de hai tanto anos e a nosa intención de voto é non.

SRA. VELOSO RÍOS: Si é certo que o Partido Socialista sempre estivo preocupado pola memoria histórica, pero tamén é certo que a lei é o suficientemente tépeda como para que a estas alturas esteamos con este tipo de discusións. E tamén é certo que en distintos partidos políticos e tamén no Partido Socialista cometeuse o pecado de reescribir a historia porque están falando, concretamente no caso da Cruz dos Caídos que está no Monte do Castro, dun acordo plenario de 1981, dende 1981 ata o de agora cambiaron algunhas cousas, quizais non cambiaron todo o que deberían, pero cambiaron bastantes cousas, aprobouse a Lei da

Memoria Histórica insuficiente pero que marca unha diferencia cos tempos anteriores a esa aprobación da lei, pero ademais non podemos seguir a estas alturas reescribindo a historia, e por que digo que é reescribir a historia e dar un argumento como recorrer o acordo de 1981? Porque miren a Cruz do Castro foi inaugurada polo ditador Francisco Franco en setembro de 1961 co obxecto de recordar ós caídos por Deus e por España. E que acaso nós podemos imaxinar que no 1961 o ditador ía vir a Vigo a inaugurar unha cruz en memoria dos caídos de bando da república, e que nos imaxinamos que o ditador Francisco Franco ía erixir un monumento en memoria aos caídos pola república? Calquera acordo posterior, como este acordo de 1981, é reescribir a historia como tantas veces se fixo durante a transición e como tamén se fixo en certa maneira coa Lei da Memoria Histórica que lle da validez a determinadas decisións xudiciais, a sentenzas sumarísimas e que legaliza casos que deberían non ser legais hoxe en día pero que tampouco nos vale a Lei da Memoria Histórica, por iso tamén incluímos este último punto sobre o xuízo que se desenvolve en Arxentina.

Tódolos puntos e tódalas reivindicacións que traemos nesta moción son unha cuestión de xustiza, que nos ten que servir realmente para asumir a nosa historia facendo xustiza con aquelas persoas que sufriron a brutal represión fascista neste país. Non imos aceptar que se voten por separado, tirar a Cruz do Castro é un exercicio de xustiza neste país para acabar cos vestixios da ditadura franquista e da sublevación militar do 36.

Non aceptamos a proposta de votación por separado e propoñemos que se voten os seis puntos, e gustaríanos de verdade que hoxe se dese un exemplo de democracia con algo máis que respectar o número de votos no Pleno, senón tamén co recoñecemento da memoria histórica da nosa cidade.

A PRESIDENCIA: Unha vez que non se acepta a proposta do portavoz do Grupo Socialista e que se voten por separado os seis puntos da moción pasamos a votación nos seus propios termos.

(Neste punto da Orde do Día atópase ausente o Sr. Alcalde e preside o Pleno da Corporación a Sra. Silva Rego; así mesmo está ausente no momento da votación

a Sra. García Miguez)

VOTACIÓN: Con once votos en contra dos membros do Grupo político Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, con oito abstencións dos membros do Grupo político Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, e a Presidencia, e tres votos a favor dos membros do Grupo político do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos,

ACORDASE:

Rexeitar a moción formulada pola voceira do grupo político do BNG, Sra. Veloso Ríos, instando da demolición da Cruz dos Caidos do Monte do Casto, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.2(159).-MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO DO PARTIDO POPULAR, SOLICITANDO AMPLIAR, POTENCIAR E PROMOCIONAR A RECOLLIDA DE ACEITES DOMÉSTICOS. EXPTE. 721/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 28 de agosto, número 721/1101, o concelleiro do grupo político do Partido Popular, Sr. Araujo Pereira, formula a seguinte moción:

“O coidado do noso medio ambiente cada día que pasa vóltase mais imprescindible para a supervivencia das novas xeracións nun marco que manteña unhas calidades saudables mínimas. A incidencia negativa da presión derivada das actividades dos cidadáns sobre o medio ambiente e a natureza fai que o grado de degradación da mesma teña aumentado exponencialmente nos últimos anos. Neste senso o descontrol do vertido do aceite usado da cociña a través dos fregadeiros ou baños afecta moi negativamente a calidade das augas. O goberno do Partido Popular no ano 2006 implantou dentro das súas posibilidades un servizo de recollida de aceites domésticos usados que o actual goberno non se encargou de potenciar nin promocionar. Moitos concellos do noso país xa teñen tomado, nos últimos tempos, medidas reguladoras neste senso.

Isto ten un efecto tremendamente positivo para o medio ambiente, pero tamén a nivel económico xa que se reducen moito os procesos de desgrasado nas depuradoras e polo tanto aumenta moito a eficacia das mesmas.

Por todo elo, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao pleno da Corporación que adopte os seguintes acordos:

-Ampliar, potenciar e promocionar a recollida de aceites domésticos a través de infraestruturas ben dimensionadas de forma que se facilite un servizo aos cidadáns de Vigo que queiran desfacerse destes residuos.”

A comisión informativa de Medio Ambiente, Xuventude e Igualdade, na súa sesión do 2 de setembro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

SR. ARAÚJO PEREIRA: O respecto do noso medio ambiente cada día que pasa vólvese máis imprescindible para a supervivencia das novas xeracións nun marco que manteña unhas calidades saudables mínimas. A incidencia negativa da presión derivada das actividades dos cidadáns sobre o medio ambiente creceu exponencialmente nos últimos anos, neste sentido o descontrol do vertido de aceite usado na cociña a través dos vertedeiros ou baños afecta negativamente á calidade das augas, xa que un só litro de aceite contamina mil litros de auga. Isto nos nosos ríos e ría é letal dado que afecta negativamente á capacidade de intercambio de osíxeno, producindo a morte de moitos animais e plantas, facendo tamén aumentar a probabilidade de mareas vermellas e outros tipos de desequilibrios do ecosistema.

O vertido destes aceites tamén xera un maior deterioro da rede de saneamento chegando a producir, misturado con outros sólidos, tapóns que acaban coa rotura de canalizacións como vemos en zonas como Teis. Os restos de aceite favorecen o incremento de pragas de insectos e bacterias nas redes de saneamento que en determinadas épocas do ano saen ao exterior.

Este aceite non reciclado xera problemas na Depuradora, dificultando e encarecendo o funcionamento da mesma. O Goberno do Partido Popular consciente da importancia que ten o medio ambiente e do gran problema que xeran os aceites usados de cociña, no ano 2006 implantou, dentro das

posibilidades e medios que tiña, un servizo de recollida de aceites domésticos usado a través dun convenio cunha única empresa que naquel momento na cidade dispoñía das certificacións medio ambientais e de calidade para desenvolver o servizo.

Na actualidade, outro goberno do Partido Popular, esta vez na administración autonómica segue sendo consciente dos verdadeiros problemas desta cidade a nivel ambiental e por iso esta facendo unha das maiores inversións dos últimos anos neste sentido, como é a nova e moderna depuradora de Vigo, en contraposición o actual goberno municipal encabezado polo Sr. Alcalde facendo gala do súa forma de traballar, ou mellor dito de “vender o que non fai”, nos seis últimos anos non efectuou ningunha mellora no citado servizo, pero o peor de todo é que tampouco asumiu a potenciación nin a promoción de dito servizo de recollida.

Moitos concellos do noso país de tódalas cores políticas conscientes da importancia que ten o medio ambiente, tomaron nos últimos tempos medidas reguladoras e campañas informativas e formativas que favorecen a reciclaxe de aceite, o cal pode ser reconvertido en biodiésel, combustible que pode ser usado no transporte urbano, bus ou taxi, mellorando non só o medio ambiente senón tamén as contas correntes das administracións.

Tamén se segue con isto as premisas da Unión Europea que pretenden chegar a un consumo de biodiésel no ano 2020 dun 8%. Esta reciclaxe ten un efecto tremendamente positivo para o medio ambiente dado que favorece a calidade do mesmo, pero tamén afecta positivamente a nivel económico xa que se reducen os procesos de desgraxado das Depuradoras e polo tanto aumenta a eficacia das mesmas. Tamén mellora a calidade das augas da ría e ríos aumentando os recursos naturais que sustentan sectores tan importantes e cruciais como podemos ver hoxe na conferencia que está inaugurando o Sr. Presidente do Pleno que é o Pesqueiro de altura e baixura, o marisqueo, o piscícola ou o acuícola.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación que adopte os seguintes acordos: ampliar, potenciar e promocionar a recollida de aceites domésticos a través de infraestruturas e campañas ben dimensionadas de forma que se facilite o servizo aos cidadáns que queiran desfacerse destes residuos.

SR. ALONSO PÉREZ: Efectivamente a Unión Europea promoveu a directiva 2009/2028 e esta directiva tiña como obxectivo, como finalidade, fomentar o uso de enerxías de fontes renovables, co obxectivo entre outros de reducir a emisión de gases de efecto invernadoiro e tamén que se chegara a uns mínimos de uso de fontes de enerxía renovables ata o 20% e que efectivamente tamén se usara o biodiésel como un carburante, como unha posibilidade de substituír á gasolina e ao gasóleo. Estas directivas europeas eu creo que se deben ter en conta e polo tanto, nós imos apoiar a moción do Partido Popular porque parécenos que por un lado hai que darlle unha solución ao problema que teñen moitas familias, que teñen unha conciencia ecolóxica e non queren tirar os aceites polo vertedoiro, hai que darlle solución a este problema, aos problemas que ocasiona o vertedura de graxas e aceites ao chegar á depuradora, pero ademais ten un efecto positivo porque o biodiésel, estes aceites usados poden utilizarse como biodiésel e tamén xeran unha posibilidade de aforro enerxético e económico.

Nós ademais de aprobar e apoiar a moción do Partido Popular solicitamos unha emenda de engadida porque cremos que para a utilización do biodiésel non é suficiente que só un concello de maneira illada recolla as graxas e os aceites usados, senón que isto debe promoverlo a Xunta de Galicia porque en colaboración co sector coas empresas do sector e máis factible que este uso teña un aproveitamento polo sector.

Polo que solicitamos unha emenda de engadida que di o seguinte: solicitar da Xunta de Galicia o establecemento dun acordo cos concellos dun sistema de recollida de aceite usado e graxas animais ao obxecto de fomentar a provisión de materias primas que permita a potenciación dos biocarburantes en colaboración co sector.

SR. RIVAS GONZÁLEZ: Sr. Araújo, en primeiro lugar gustárame darlle as gracias pola oportunidade que me ofrece e por ese relevo e compromiso deste Goberno Municipal coa sostibilidade medioambiental, é a nosa preocupación o desenvolvemento axeitado da educación medioambiental e sobre todo no contorno de Vigo.

Dado que no parece estar ao tanto, quixera lembrarlle que dende a nosa chegada

ao goberno municipal o departamento de Medio Ambiente ven realizando sucesivas campañas de concienciación cidadá no tocante a recollida selectiva dos aceites fritos usados para a súa posterior reciclaxe. De tódolos xeitos e para a súa tranquilidade, recoméndolle visitar a páxina web do Concello onde pode atopar toda esta información detallada e comprobar que, a día de hoxe, calquera cidadá ou cidadán de Vigo pode solicitar a colocación dun recipiente de recollida usado, tan só ten que chamar a un número de teléfono que aí figura, onde se lle indica e de inmediato se lle coloca. De feito na actualidade o Concello de Vigo ten vixente un convenio cun dúas empresas que teñen condición de xestores autorizados pola Xunta de Galicia, para esta clase de residuos e que fan o seu labor cuns resultados moi satisfactorios. Estas empresas asumen os compromisos de recollida de aceite, mantemento, limpeza, reparación ou substitución dos colectores de ser o caso.

A data de hoxe, tome nota Sr. Araújo, un total de 884 comunidades de veciños dispoñen de recipientes de recollida de residuos de aceite usado, así como vinte e dous supermercados e vinte e cinco asociacións veciñais. Os datos, Sr. Araújo, aválannos o traballo, para o seu coñecemento, o maior incremento do número de litros de aceite usado recolleuse e produciuse coa nosa chegada ao Goberno Municipal, pasando de 8.000 litros no ano 2008 a máis de 24.000 litros no ano 2009, o que supón un aumento dun 65% da recollida nun só ano. Pero si imos máis alá, a porcentaxe incrementase ata un 75% sen ter en conta as última cifras do pasado ano 2012 no que se contabilizaron máis de 32.000 litros de aceite, tome nota Sr. Araújo, e este ano esperamos alcanzar a cifra de 35.000, como ve evolución espectacular, con campañas como esta que pode ver vostede neste díptico é como pode ver esa evolución ano tras ano dende a chegada ao Goberno do Partido Socialista.

A evolución é espectacular e debese en boa parte a estas campañas de difusión e na que realmente dende o Goberno Municipal cremos, de feito a fin de promover e fomentar a colaboración cidadá nesta tarefa, remitíronse cartas e dípticos informativas, así como embudes para recollidas nas diferentes asociacións con boa aceptación por parte dos diferentes colectivos e da cidadanía en xeral.

En base ao exposto Sr. Araújo, non dou crédito, nin podo comprender a natureza

da súa moción, pois polo descoñecemento que ten e a evolución que tivo ao longo de todos estes anos.

A todo este traballo na defensa e mellora do medio ambiente dicirlle que súmase un gran esforzo por parte deste Goberno Municipal coa recollida selectiva, onde temos servizos domiciliarios de recollida de voluminosos, de electrodomésticos, de aparatos RAE, colectores de cartón, de vidro, de plástico, puntos de recollida de residuos perigosos como son as pilas, un servizo de recollida de ramas a domicilio, máis de 200 sanecans, todo unha aposta polo medio ambiente Sr. Araújo.

Eu doulle as grazas por darme esa oportunidade de poder falar aquí pola súa preocupación, polo medio ambiente pero quero transmitirle que dende o Goberno Municipal estamos a traballar a reo por mellorar ese medio ambiente, eu pregaríalle que tomara nota e que lle diga aos seus compañeiros onde teñen responsabilidades de goberno nas distintas institucións, con competencia nesta cidade que se volteen nela e que miren e respecten ó medio ambiente, e pónolle como exemplos: a Avenida da Ponte en Cabral ou Avenida de Madrid, a estrada Vella de Madrid, onde o medio ambiente desaparece por todas partes, onde miramos as silvas, a maleza que nos podemos atopar xerando graves prexuízos para todos os veciños da zona de Cabral, do Meixoeiro, de Lavadores e tódolos que por alí pasan. Polo tanto, pregaríalle que tome nota diso, que lle traslade aos seus compañeiros e que se volteen.

En canto ao que dicía da Depuradora teño que dicirlle que si alguén fixo algo pola depuradora neste cidade foi o Alcalde de Vigo cun goberno de España, coa Ministra a Sra. Elena Espinosa que estiveron traballando a reo para que así fora. Dicirlle que lle imos aprobar a súa moción porque estamos traballando niso, e polo tanto si aceptamos e dicirlle ao Grupo do BNG que apoiamos a súa emenda.

SR. ARAÚJO PEREIRA: A verdade é que Sr. Concelleiro e Presidenta, eu creo que é un tema de perspectiva, a verdade é que non o miramos nin por asomo igual. Supoñía que ía quitar cifras do ben que o fan vostedes e as moitas melloras que producen en temas medio ambientais dende que gobernan e o mal que o fixemos cando gobernamos, pero tamén é verdade e non mo vai negar que ese cartel que quitou eu tamén o teño aquí e está na páxina web dende o ano 2006 onde o

propuxo e deuno a coñecer a través das cartas que se mandaban con Aqualia un goberno do Partido no que eu me atopo. Co cal dende o 2006 perdoe que lle diga Sr. Concelleiro, non fixeron absolutamente nada de nada de promoción por moito que vostede o diga, e estas campañas de vender o que están facendo ben e o que nós fixemos mal quedou ese argumento obsoleto nos últimos tempos.

Xa a Sra. Abelairas e a Sra. Lago no 2008 en senllos debates plenarios xa seguían esta tendencia falando de que se implantarían os seis puntos limpos que contempla o PXOM, eu levo buscándoos dous anos e aínda non os atopei, ou que cambiarían as luminarias da cidade por unhas de baixo consumo, claro que tampouco falo de cantas, seguramente se fosen as que debían de ser nos iría mellor, ou de potenciación do uso das enerxías limpas ou renovables, non sei se se refería a que o Alcalde vai en coche eléctrico ou das poucas placas solares que se implantaron co parque de maquinaria.

Sr. Alcalde e querido concelleiro, dígalle aos vigueses canto nos custa calefactar as instalacións municipais, piscinas, pavillóns, colexios, locais sociais, museos ou auditorios, dígalle canto gastamos e o pouco que están facendo para reduci-lo, tanto a nivel económico como medioambiental, díganlle aos vigueses que na depuradora de Vigo quítase máis de 680.000 quilogramos ao ano de graxas, iso si que é un problema e aí a onde van os aceites, estase falando de 8.000, de 24.000, de 32.680, 680.000 chegan á depuradora de Vigo, podería converter isto en biodiésel e evitaría a contaminación de moitos litros de auga. Dígalle aos vigueses como se está auditando a vertedura da actual depuradora, mellor dito como se descontrola a mesma vertedura, dígallo aos vigueses por que órganos democráticos de participación e consulta deste Concello a nivel medio ambiental como é o Consello Sectorial de Medio Ambiente, a Comisión de Medio Ambiente de ruído etc., levan cinco anos sen reunirse e dígalle tamén o que pouco que xera a Axencia da Enerxía de Vigo a esta cidade e o moito que nos custa.

A verdade e que podía explicarlle tantas e tantas cousas e negligencias en temas de protección e conservación medio ambiental que deixaron de facer. Simplemente unha matización sobre a achega, ímola a votar a favor o que pasa é que é verdade que as competencias de recollida de residuos son municipais, co cal eu creo que o seo onde se debería chegar a este acordo sería na FEGAM, máis que a Xunta de Galicia pero imos votar esta emenda de inclusión.

(Neste punto da Orde do Dia atópase ausente o Sr. Alcalde e preside o Pleno da Corporación a Sra. Silva Rego; así mesmo está ausente no momento da votación a Sra. García Miguez)

No transcurso do debate o concelleiro do grupo político do BNG, Sr. Alonso Pérez, presenta unha emenda de engádeda co seguinte texto:

“2.- Solicitar da Xunta de Galicia o establecemento dun acordo cos concellos, dun sistema de recollida de aceite usado e gaxas animais, ao obxecto de fomentar e provisión de materias primas que permita a potenciación dos biocarburantes, en colaboración co sector”.

Ao seren aceptada a anterior emenda polo relator da moción, Sr. Araujo Pereira, a Presidencia somete a votación a anterior emenda.

VOTACIÓN DA EMENDA: Por unanimidade dos vinte e dous membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, acórdase incluír a emenda no texto da moción.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Por unanimidade dos vinte e dous membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACORDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do grupo político do Partido Popular, Sr. Araujo Pereira, co seguinte texto.

1.- Ampliar, potenciar e promocionar a recollida de aceites domésticos a través de infraestruturas ben dimensionadas de forma que se facilite un servizo aos cidadáns de Vigo que queiran desfacerse destes residuos.”

2.- Solicitar da Xunta de Galicia o establecemento dun acordo cos concellos, dun sistema de recollida de aceite usado e gaxas animais, ao obxecto de fomentar e provisión de materias primas que permita a potenciación dos biocarburantes, en colaboración co sector

4.3(160).-MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO DO PARTIDO POPULAR, SOLICITANDO A MODIFICACIÓN, EN DIVERSOS TERMOS, DA ORDENANZA FISCAL XERAL. EXPTE. 722/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 29 de agosto, número 722/1101, o concelleiro do grupo político do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, formula a seguinte moción:

“Nun contexto de forte crise económica no noso país cada vez son mais os vigueses e viguesas que se atopan con dificultades para facer fronte ao pago dos impostos municipais en período voluntario. Así o goberno municipal recorre cada vez mais ao procedemento de recadación executiva co sobrecustes e prexuízos que conleva para os cidadáns.

Neste sentido, agora que o goberno municipal está a redactar as ordenanzas fiscais para o ano 2014 o Grupo Municipal do Partido Popular propón unha serie de medidas a incorporar á ordenanza fiscal xeral co gallo de facilitar o pago dos impostos aos vigueses que se atopen en dificultades.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Vigo somete para a súa toma en consideración polo Pleno da Corporación os seguintes acordos:

Modificar a ordenanza fiscal xeral no seguinte senso:

- Establecer a necesidade incorporar a información sobre bonificacións e exencións xunto cos recibos dos impostos municipais que reciben os vigueses e viguesas nos seus domicilios.
- Simplificar os trámites administrativos para que os particulares e empresas que non poidan realizar os seus pagos no período voluntario, teñan a posibilidade de aprazalos ou fraccionalos sen que se inicie de modo inmediato a vía executiva.
- Facilitar que aqueles cidadáns que cumpran cos requisitos para solicitar a exención ou bonificación das taxas poidan facelo no exercicio en curso e non se vexan obrigados a facelo cunha antelación dun ano.”

A comisión informativa de Economía, Facenda, Patrimonio e Educación, na súa

sesión do 2 de setembro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

SR. FIDALGO IGLESIAS: O Grupo Municipal do Partido Popular en Vigo, a pesares de gañar as eleccións municipais e polo tanto ser o grupo maioritario con trece concelleiros está na oposición, esta na oposición gracias a un pacto entre socialistas e nacionalistas, tocounos estar na oposición pero o traballo da oposición é moi importante Sra. Abelairas, moi importante, máis aínda cando o que temos diante é un goberno débil, en minoría e un goberno que necesita dos votos dos demais partidos políticos para levar a cabo os seus proxectos, tal e como o vimos esta mesma mañá que necesitaron do noso apoio para aprobar o Plan do Apoio ao Aeroporto de Peinador.

Estar na oposición, señores do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego non significa estar permanentemente insultando e descualificando como fan vostedes cando están na oposición, facer unha boa oposición significa cumprir un dobre obxectivo, por un lado vixiar, controlar e fiscalizar a labor do Goberno e por outro lado presentar propostas positivas para a cidade e os seus cidadáns.

Denunciamos moitas veces as trabas e obstáculos que en varios casos atopamos para estudar os expedientes sobre todo si se trata de departamentos relacionados con inversións, urbanismo e fomento principalmente, xa que o Alcalde, o propio Alcalde da orde aos funcionarios para que oculten determinadas informacións á oposición, e é que son os propios técnicos os que nos remiten ao Alcalde, é o que din os técnicos.

A PRESIDENCIA: Desculpe, Sr. Fidalgo, prégolle aos concelleiros que manteñan o silencio e prégolle a vostede a que se cinga a moción da que estamos a falar que é a modificación da ordenanza prégolle que respecte a esta presidencia. En segundo lugar si vostede segue facendo uso da palabra para falar dun tema distinto ao da moción eu dareille os minutos que agora estou usando, non se preocupe terá que contestarlle a esta presidencia.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Parece que non lle gusta o que lles digo.

Hoxe traémoslle unha proposta que ten que ver con axudar a aqueles vigueses que teñen dificultades para facer fronte aos impostos municipais, a realidade dos datos é que case un de cada cinco vigueses non pode pagar os seus impostos municipais en prazo. Hai casos como por exemplo o da taxa de recollida de lixo comercial na que, un de cada catro recibos quedou sen pagar en vía voluntaria o ano pasado. Por isto podemos afirmar que o Sr. Abel Caballero converteu a recadación executiva nun arma implacable contra os vigueses, tódolos días veñen ao Grupo Municipal do Partido Popular persoas con problemas de pagos, notificacións, requirimentos de embargos de contas bancarias e incluso embargo de nóminas, ata aí chegan, garanten ao Goberno Municipal manter o seu nivel de ingresos, por non falar xa das multas que incluso o Valedor do Cidadán dicía que moitas das multas que pon o Goberno Municipal son ilegais.

A nosa proposta resúmese en tres infinitivos moi sinxelos, pedimos informar, simplificar e facilitar. Un: informar do que hai, xa que hai unha porcentaxe moi pequena dos posibles beneficiarios de exencións e bonificacións fiscais que efectivamente solicitan esa exención e bonificación, por que? Porque non están informados, vostedes o ano pasado por estas datas co recibo da auga enviaron unha carta na que lle mintían ao vigueses dicindo que o canón da Xunta de Galicia era o que lle subía o recibo. Pois eu pídolles e esíxolles en nome do Partido Popular que tamén lles envíen unha carta aos vigueses que poden ter bonificacións e exencións fiscais para que as pidan, porque non chegan nin ao 10% os vigueses/as que poden ter beneficios fiscais e non o solicitan por que? Porque non o saben.

Segundo: facilitar, propoñemos tamén ao Alcalde que aqueles cidadáns que cumpran cos requisitos para solicitar a exención ou bonificación das taxas poidan facelo no exercicio en curso e non se vexan obrigados a facelo cun ano de antelación. Hoxe para pedir unha bonificación ou unha exención fiscal hai que decidilo cun ano antes, se hoxe pedimos unha bonificación, unha exención aplicaránola no 2014 e non no 2013 que é cando temos os recibos para pagar.

Terceiro punto e último, simplificar: os trámites administrativos para que os particulares e as empresas que non poden facer os seus pagos no período voluntario, teñan a posibilidade de aprazalos ou fraccionalos, non é tan complicado que poidan facilmente simplificar eses trámites para que os poidan

aprazar ou fraccionar.

SRA. VELOSO RÍOS: Nesta moción o Partido Popular solicita tres puntos que a nós nos parecen razoables aínda que os argumentos utilizados xa nolo parecen bastante menos, hai que recoñecelo. Ademais de que a historia das propostas e votacións do Partido Popular neste Pleno con respecto as ordenanzas fiscais do Concello de Vigo non se corresponde co que pide agora nesta moción, esperamos que esta moción ademais se materialice en emendas ou en aprobacións de emendas nas ordenanzas fiscais deste Concello que non se viron nos pasados exercicios, porque cando o Bloque Nacionalista Galego pedía aumentar as bonificacións e exencións o Partido Popular votou en contra, ou cando o Bloque Nacionalista Galego tamén aumentaba as posibilidades de fraccionar os pagos o Partido Popular votaba en contra, é dicir, durante dous anos o Partido Popular votou en contra de propostas que se trouxeron ao Pleno por parte do Bloque Nacionalista Galego no mesmo sentido do que solicita agora nesta moción, e votou en contra.

Nós non entendemos a oposición da mesma maneira que o Partido Popular e vou facer referencia, aínda que non teña moita relación co contido da moción, aos preliminares dos que falou o Sr. Fidalgo e nós tamén estamos na oposición e a entendemos dunha maneira bastante diferente, entendemos a oposición como unha oposición construtiva, que facilite a vida dos vigueses/as e polo tanto todas aquelas propostas que facilitan a vida dos vigueses/as serán apoiadas polo Bloque Nacionalista Galego, como neste caso as propostas do Partido Popular.

O Partido Popular tamén na oposición fai propostas que entende como construtivas ou apoia propostas do Goberno Local que non se corresponden en absoluto co que nos entendemos como positivas para a cidadanía, como a amortización da débeda, por exemplo, ou as axudas ás aeroliñas, son distintas maneiras de entender a oposición, simplemente porque somos forzas políticas que estamos nas antípodas do espectro ideolóxico e que simplemente exercemos o papel que democraticamente nos asignaron os cidadáns/as, niso consiste a democracia.

Entón nós imos apoiar estas propostas, pero tamén o que esperamos é que se recoñeza que estas son propostas que se corresponden con emendas

presentadas polo Bloque Nacionalista Galego e que esperamos que se reflicten nas vindeiras ordenanzas fiscais do Concello de Vigo.

Por outra banda, aproveitamos xa que é o Partido Popular quen as presenta, tamén lle pedimos ao Partido Popular que teña a mesma sensibilidade con todas aquelas persoas que non poden pagar as taxas e impostos que proveñen do Estado ou da Xunta de Galicia, sería todo un detalle que a Xunta de Galicia e que o Goberno do Estado tivese esa mesma sensibilidade, que informase a cidadanía que facilitase os trámites e que non lle fixese pagar un IVE por exemplo sobre o material escolar, agora que estamos no inicio do curso académico, a aquelas persoas que non poden facelo e que teñen cada vez máis dificultades porque ademais teñen que pagar os libros cando antes non tiñan que pagalos, ou que non se suban as tarifas dos comedores, ou das escolas infantís, etc., ogallá esta sensibilidade que parece ter o Partido Popular no Concello de Vigo con respecto ás propostas do Goberno Local ataña no exercicio das súas competencias no goberno da Xunta de Galicia e non goberno do Estado.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: De novo unha vez máis sorpréndeme en parte esta moción que presenta o Partido Popular, eu creo que a tiña que dirixir a outra administración, por exemplo á Xunta de Galicia, cando nos acabamos de decatarse que ingresou 10,4 millóns máis en 2012 pola vía das sancións e leo textualmente, chegan algúns casos a multiplicar por dez a multa, o importe pasa de 600 a 6.000 euros, iso é o que está facendo a Xunta de Galicia neste mesmo momento. Polo tanto, eu creo que a quen debería dirixir esta moción o Partido Popular é contra a Xunta de Galicia e non contra este goberno, porque o que demostra tamén esta moción é un gran descoñecemento por parte do Partido Popular, acaban de dicir que traballan porque están na oposición, pois mal traballarán porque o que están demostrando é un gran descoñecemento sobre as axudas, bonificacións, os trámites e a transparencia que xa hai en ordenanzas fiscais neste momento por parte deste Goberno.

Polo tanto, en parte tamén lle agradezo ao Partido Popular que haxa presentado esta moción porque todo o que presenta nesta moción xa se está facendo neste momento no Concello. Polo tanto, voulle a lembrar ao Sr. Fidalgo que é o que ten que facer si quere solicitar algunha destas bonificacións, exencións ou como ten

que facelo. Lémbrolle que algunha destas medidas que propón o Partido Popular xa foron aprobadas, por exemplo o ano pasado cando se autorizou a concesión de aprazamentos ou fraccionamentos de débedas de contías inferior de 400 euros cando a persoa non tiña fonte de ingresos, cando era unha desempregada de larga duración ou cando tiña unha renda inferior as dúas veces o IPREM; isto está xa aprobado, polo tanto, isto é unha medida que eles non tiñan e lle esixían a esta xente, obrigábanlles a pasar a eles a período executivo e nós lle dicimos non, permitímoslle a esta xente que aprace a débeda e con este procedemento de aprazar a débeda paralizamos o proceso de vía executiva, polo proceso de vía executiva é algo que nos obriga a Lei Xeral Tributaria que teñen eles no Goberno. Polo tanto, o que nós fixemos é “escaquear” esta Lei Xeral Tributaria, permitir que se presenten aprazamentos e polo tanto paralizamos a vía executiva.

Pero tamén aprobamos, que non se esixan avales cando se esixen estes aprazamentos, eles esixían un aval, esixían ir ao banco que o banco presentase un aval, estámoslle aforrando 50/100 euros pola non presentación do aval, eles si.

Pero tamén puxemos a medida de bonificación do 3% do IBI, ao que se están acollendo nestes momentos 3.600 persoas, reducimos as taxas de Axuda no Fogar, neste momento xa un 25% non paga absolutamente nada mentres eles si están subindo as taxas das garderías, neste momento o 45% dos vigueses que van a unha escola municipal gardería infantil non pagan nada, en cambio a Xunta de Galicia ten que pagar ata cen euros máis ao mes, puxemos taxa de terraza cero, na taxa do lixo tamén aumentamos o número de persoas que se poden acoller a esta exención. Lembro que nós fomos os que incorporamos familias monoparentais, maiores de 65 anos, maiores de 65 anos que viven só, dependentes, empregados da larga duración, tamén fomos nós quen incorporamos a bonificación do 50% no Imposto de Plusvalía no caso de herdanza dunha parella de feito, cando eles obrigábanlle a pagar simplemente por ter un papel ou non ter papel, tiñan que pagar. Está preguntando o que é porque non sabe as ordenanzas, e ademais todo nun momento tamén no que nós conxelamos a auga, a tarifa do autobús cando vemos que no resto de institucións ogallá o Estado non subira o IRPF, non subira o IVE pero é que máis fala de publicidade, nin sequera fai falla consultar o libro que lle costa tanto é que está

todo colocado na páxina web do Concello onde todo o mundo pode consultar absolutamente tódalas ordenanzas fiscais, todas teñen o link a cada unha de forma independente, e todas teñen as bonificacións, os requisitos, é máis, con darlle a un botón, por exemplo no caso do IBI, vostede pode solicitar vía internet a bonificación do IBI, nin sequera hai que vir aquí, isto o fixemos tamén nós.

Polo tanto, eu o que propoño ao Partido Popular aquí o ten, a bonificación, facelo por internet dálle ao botón de tramitar por internet, lle sae o “papeliño” que ten que cubrir e xa automaticamente vostede solicitou a bonificación, nin sequera ten que acceder aquí.

Por isto eu propoño, xa que isto o estamos facendo, eu digo que se sumen e polo tanto propoño substituír ese parágrafo onde fala de facilitar, pois si hai que facilitar, podemos avanzar aínda máis e polo tanto o que propoño é que estas solicitudes e estas bonificacións se poidan facer no exercicio do curso que xa se están facendo, pero sempre dentro do marco legal vixente, lémbrolles que a lei que teñen eles marca o 1 de xaneiro, nós estamos buscando a forma de amplialo un pouco máis, de feito a do IBI pódese facer ata marzo. Sobre todo instar ao resto das administracións a que fagan o que xa estamos facendo porque iso é o que teñen que facer Xunta de Galicia, Deputación e o Goberno de España.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Eu creo que vostede non se decata, non entendeu absolutamente nada, ou o que é peor non queren nin atender e o que é peor nin escoitar. Eu pedíalle informar, simplificar e facilitar non me falou nada nin de informar, nin de simplificar, nin de facilitar, iso si “fardou” co seu lpad de última xeración e dicíndolle aquí a xente co lpad que pode pedir as bonificacións e exencións.

Mostra un descoñecemento total e absoluto, di que non hai que presentar aval bancario, léolle a ordenanza artigo 43.2 “as débedas aprazadas ou fraccionadas deberán garantirse mediante aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución cuxa vixencia deberá exceder ao menos en seis meses ao vencemento do prazo ou prazos garantidos”, hai que presentar aval bancario, Sra. Díaz, non sei en que cidade vive vostede. Débedas menores de 400 euros non se poden aprazar nin fraccionar que quede claro, e as débedas superiores aval bancario, iso non é nin simplificar nin facilitar.

Eu creo que non é tan complicado se hai vontade para informar aos cidadáns igual que lle mandaron aquela carta famosa con Aqualia, pois mándelles outra carta na que aqueles que teñen a posibilidade de beneficiarse de bonificacións, exencións e aprazamentos pois que o fagan, non creo que sexa tan complicado, á vez que se publica por exemplo o calendario fiscal tamén se lle podía dar publicidade aos prazos non só de período voluntario senón tamén os prazos límite para solicitar a bonificación ou exención.

A pesar da situación de crise que atravesan moitas familias sabemos que ademais vostedes intentar volver a subir tódolos impostos e taxas o ano que ven 1,4%, xa pagamos os impostos máis caros e taxas máis caras de Galicia, o IBI máis caro de Galicia, Imposto de Circulación máis caro de Galicia, o bono bus, a grúa, a hora, a auga. Para rematar Vigo é a cidade de Galicia con impostos e taxas municipais máis caros de toda Galicia.

A PRESIDENCIA: O Grupo Popular non acepta a proposta de emenda e polo tanto vótase nos seus propios termos a moción do Grupo Municipal do Partido Popular.

(Neste punto da Orde do Día atópase ausente o Sr. Alcalde e preside o Pleno da Corporación a Sra. Silva Rego; así mesmo está ausente no momento da votación a Sra. García Miguez)

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e dous membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACORDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do grupo político do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, solicitando a modificación da Ordenanza Fiscal Xeral, nos termos transcritos nos antecedentes deste acordo.

4.4(161).-MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO DO PARTIDO POPULAR, INSTANDO A APERTURA NOVAMENTE DO LOCAL DA RÚA ELDUAYEN PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS QUE VEN DESENVOLVENDO NEL O

PROGRAMA “SEREOS” CASCO VELLO. EXPTE. 723/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 29 de agosto, número 723/1101, a concelleira do grupo político do Partido Popular, Sra. Cendón Alonso, formula a seguinte moción:

“Dende o ano 1997 vense desenrolando na cidade, en virtude dun convenio co Departamento de Benestar Social, o programa “SEREOS” Casco vello, un programa de traballo na rúa, de relación, de información, de redución de dano e educación de hábitos, que mellora a calidade de vida das persoas usuarias de drogas, persoas sen teito, empobrecidas, e excluídas.

Dentro das actividades que se viñan desenvolvendo, as denominadas “café-calor” e “bocateo”, realizadas no local da rúa Elduayen, foron desviadas para un vehículo que se ubica noutra zoa mais alonxada, cunha merma moi importante na calidade e prestación do servizo.

Por todo elo, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao pleno da Corporación que adopte os seguintes acordos:

Abrir de novo o local de Elduayen para a prestación dos servizos que ven desenrolando nel o programa “SEREOS” Casco vello

No caso de que houbera xustificación para o peche do mencionado local, que se traslade de xeito urxente a outro local de carácter permanente.”

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do 2 de setembro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

SRA. CENDÓN ALONSO: Dende o ano 1997 vense desenvolvendo o programa “Sereos Casco Vello”, un programa de saúde e convivencia, de redución de dano que ten sido un bo instrumento como espazo de encontro, de redución de conflictividade e de mellora da calidade de vida das persoas usuarias, persoas excluídas socialmente, politoxicómanos principalmente que mal viven en infravivendas ou na rúa. Tamén veciños e comerciantes teñen sido usuarios de este programa na medida que se lles informa dos obxectivos e se fai unha labor de mediación.

O achegamento as persoas en drogadicción activa, empobrecidas e excluídas realizábase fundamentalmente nas actividades denominadas “café-calor e bocateo” que tiña lugar diariamente en xornada de mañá e tarde nun local municipal na rúa Elduayen, era aquí onde se facilitaba información e asesoramento, onde se lles facilitaba e potenciaban habilidades para o autocuidado, hixiene persoal, prevención de situacións de risco e educación para saúde, etc.

De especial relevancia, na redución do dano e promoción da saúde é o programa de intercambio de xeringas dirixido á prevención da transmisión de VH en usuarios de drogas por vía parenteral, e o reparto informado de preservativos e nestes en persoas que exercen a prostitución sen seguridade. Máis de 15.000 xeringas en recollidas no ano e máis de 20.000 preservativos repartidos, dalgunha maneira amosan a importancia deste programa e a eficacia na redución e a protección da saúde pública de todos. En definitiva, un programa asentado e consolidado dende hai máis de 15 anos que ten demostrado resultados de cara a mellorar a convivencia no entorno do Casco Vello.

Hai varias semanas este Goberno Municipal pecha a porta do local onde se viña realizando parte das actividades e, se ningunha situación de emerxencia que o xustifique, condea aos usuarios e aos traballadores do servizo á precariedade dunha furgoneta sen auga corrente, aseos e servizos básicos, afastándoos da zona onde se atopaba a poboación destinataria cara a outra degradada.

No pasado Pleno Municipal, pedimos que se nos explicaran as razóns desta decisión e pedimos sen éxito, que se revopara esta medida, tamén o Grupo do Bloque Nacionalista Galego pediu e fixo un rogo neste senso.

En días pasados o colectivo de Imán trasladounos a tódolos Grupos aquí representados a necesidade de que neste Pleno se responda ás inquietudes que todos temos, motivos reais do traslado, o órgano ao cargo que tomou a decisión, a información sobre o proceso de consultas previas á toma de decisión, a cuantificación económica das condicións do convenio en virtude do cal se desenrola o programa. A fórmula xurídica da modificación deste convenio que ampara o traslado efectuado, a cuantificación económica da diminución dos custes que supón a modificación levada a cabo é onde se vai a reverter o aforro que se vai consolidar con esta medida.

Isto non é un recorte, isto é claramente gasear un servizo consolidado, hoxe elevamos a proposta de restitución do servizo "Sereos Casco Vello" a un local permanente no entorno que reside a poboación "Diana", isto é posible porque en días pasados nós estivemos reuníndonos con colectivos afectados, reunímonos co colectivo educativo, con Foampa, cos pais, cos traballadores, co grupo Imán e de verdade nós acadamos consenso se nós somos capaces de acadar consenso sen tarefas de Goberno, penso que entre todos podemos acadalo tamén.

Ímoloo ver Sra. Abelairas, porque vostede o que presenta é unha moción que só ten como obxectivo excluír a un colectivo concreto, non aceptaba ningunha moción, ningunha emenda que presentaba tamén o Bloque Nacionalista Galego porque pedía o consenso que nós estamos a pedir tamén, por isto supoño que na exposición que vai facer non só vai responder a estas preguntas que nós lle facemos senón que vai a explicar a súa emenda.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: O noso grupo, en primeiro lugar, quere deixar constancia do gran erro que significa, señores do partido estadista, Sr. Alcalde, pechar un servizo que se estaba prestando sen ter lista ningún tipo de alternativa para cando se rematara ou pechara ese servizo no lugar que se viña dando, existía polo tanto unha situación dotada con tódalas garantías necesarias para que dito servizo se seguira prestando e ofertando coa dignidade, comodidade, discreción e profesionalidade que estes usuarios/as se merecen.

O segundo gran erro Sr. Alcalde, señores do Partido Socialista, foi a alternativa elixida, non se pode atender a estes usuarios, a estas persoas nunha furgoneta xa que precisan doutro xeito de ser atendidas, sobre todo facendo honor e homenaxe a unha palabra que é vital, dignidade, non se pode manter a dignidade dunhas persoas atendéndoas nunha furgoneta e en plena rúa.

E o terceiro gran erro, Sr. Alcalde, señores do Partido Socialista, foi facelo sen ter dialogado nin consensuado cos colectivos que historicamente veñen significándose neste cidade coa atención a estas persoas, porque eu sempre teño claro que unha das cualidades máximas que debe ter un político é saber escoitar á cidadanía. Cando se escoita á cidadanía as veces hai argumentacións que son incluso máis válidas das que un propiamente ten, vou a poñer un exemplo persoal, eu fun, en nome do meu Grupo, quen puxo enriba da mesa unha

alternativa posible, escoitando os argumentos de toda unha comunidade educativa eu teño que dicir hoxe que me convenceron, e que efectivamente non era moi axeitada a alternativa que eu mesmo presentei, porque para iso estamos os políticos, para escoitar á cidadanía e para deixarnos convencer cando os argumentos son, como neste caso eran, absolutamente correctos e válidos. Pero o Sr. Alcalde e o Grupo Municipal Socialista non é que sexa moi dado precisamente a escoitar.

Dicimos isto porque para nós, e xa o temos dito noutras ocasións, a situación non debe ser o centro do debate, pero si nos gustaría que, como ben dicía a Sra. Cendón e como ben dicía o Grupo Imán, o goberno nos explicase si as hai cales son as razóns polas que pecharon ese servizo, gustaríanos que nos explicara si hai alternativas porque ao mellor nesa razón ata podemos coincidir, se nos a xustifica e gustaríanos que nos dixeran se hai algunha alternativa, se están estudando algunha distinta á actual que loxicamente nós nunca a imos apoiar. Porque o centro do debate ten que darse en canto ás condicións nas que se debe prestar este servizo, e temos que dicir e recoñecer que se estaba prestando por profesionais e por un colectivo que ten moito que dicir nesta cidade na atención aos drogodependentes porque levan anos tratándoos e de xeito digno, eficaz e con respecto e profesionalidade.

Temos un exemplo nesta cidade que saíu onte antes a colación que é o exemplo de CEDRO, que cuns grandes profesionais estanse atendendo a este tipo de usuarios sen crear ningún tipo de problema incluso no seu entorno, porque hai que integrar tamén a estas persoas no propio entorno nos que se lle queira ser atendidos.

Por todo isto que acaba que dicir, nós presentamos unha emenda que di “instar ao Goberno Local a que no prazo máximo dun mes presente unha alternativa de local, que reúna as condicións necesarias para poder desenvolver o programa de “Sereos” de xeito permanente e con todas as garantías de atención aos colectivos implicados, salvando a dignidade e profesionalidade neste servizo. Tamén queremos dicir que esta alternativa sexa delegada e consensuada cos distintos colectivos afectados”.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Imos ver agora mesmo, tres segundos para resumir

o que nos preocupa a cada un de nós as persoas, usuarios do programa “Sereos”. Quero lembrarlles que no último Pleno chameilles hipócritas políticos por se acaso alguén non me oíu aínda vólvoo repetir, hipócritas políticos porque foron vostedes os que insistiron en que se pechara o local de alí, foron vostedes os que estaban cada día a través de distintos colectivos, dicindo que non querían ver aí aos usuarios porque a realidade é a realidade, estorban, dálles a risa pero é o que é, vostedes o Partido Popular e o Bloque Nacionalista Galego.

Querían que se retirara de aí, dáballes igual o que se fixera, había que retiralo do Casco Vello, da porta do Sol porque se vían moito para as señoritas/os que pasean cos abrigos de peles.

Estou poñendo en evidencia o que é real, estou poñéndoos diante das súas propias contradicións, por iso van ver agora se de verdade vostedes se comprometen e non vou seguir debatendo sobre o tema porque son persoas que teñen unha debilidade como vostedes e como nós. Agora imos ver se realmente están de acordo, agora vano demostrar porque as cousas demostrarse cos feitos e votando, acabamos de aprobar agora mesmo unha moción na que dicimos que o Sergas se faga cargo do servizo de CEDRO, onde se están tratando tamén problemas de adicións que acabamos de recoñecer todos e votaron a favor de que estaba considerada como unha enfermidade mental, e que tiñan dereito a ter a mesma asistencia que ten outro tipo de enfermidade, pois puxen como exemplo eu a diabetes.

Pois agora ímolo demostrar á marxe das comas, dos puntos e dos parágrafos eu levo danzando dunha bancada a outra intentando chegar a un consenso con vostedes, ben pois agora publicamente a ver si están de acordo. Eu propómoslles: abrir de novo o local Elduayen para a prestación dos servizos que ven desenvolvendo no programa “Sereos no Casco Vello”, eliminen ese paragrafo e substituímos todo por: “no caso de que houbera xustificación para o peche do mencionado local que se traslade de xeito urxente a outro local de carácter permanente, comprometéndose o Pleno da Corporación a poñer a disposición do programa “Sereos” un local estable que garanta a dignidade dos traballadores e usuarios do mesmo”, todo se reduce a isto.

Xa vexo que está dicindo que non e sabe porque está dicindo que non, porque queren ter unha escusa para seguir protestando, demostren que de verdade lles

preocupa que o programa “Sereos” este atendido dignamente votando, vóteno.

SRA. CENDÓN ALONSO: A verdade é que non deixa de sorprendeme, é a primeira vez que o Goberno Municipal fai caso dunha proposta do Partido Popular. Vostedes son os que pecharon o servizo non nós, vostedes que teñen as funcións do goberno.

No ano 1992 na República Dominicana celebráronse fastos para celebrar o quinto aniversario do descubrimento de América e o ditador Sr. Balaguer fixo uns grandes muros nunha avenida con palmeiras pintadas, detrás estaban as palmeiras auténticas, a un periodista sorprendeulle que fixera uns muros artificiais para tapar os cocoteiros naturais, sabe cal foi a resposta, foi algo así “que é o que vostede quere chico, isto era o paraíso do reino vexetal, pero uns intrusos del reino animal viñeron a invadir este paraíso”. Efectivamente isto é o que fixo o Sr. Caballero co programa “Sereos”, na peculiar cidade fermosa que el propicia non encaixaban estas persoas, entón que fixo, condenalos a unha zona degradada, isto é en palabras da concesionaria de “Mar de Vigo”, enviáronos a un sitio degradado sen iluminación, sucio, convertido en foco de actividades ilegais, palabras da concesionaria de “Mar de Vigo”.

Nós non imos aceptar ningún consenso desa proposta que fai porque a responsabilidade quere levala á oposición, sen embargo si que aceptamos a proposta do Bloque Nacionalista Galego, aceptamos non, imos propoñer unha emenda que recolla o espírito de ambos grupos, porque nós o que pedimos é un lugar permanente no que o servizo se preste con calidade e con dignidade, que continúe sendo un punto de encontro destes usuarios.

Vostede exclúe a colectivos do consenso e nós queremos o consenso con tódolos colectivos, entón a nosa emenda di: “instar ao Goberno Local a que no prazo máximo dun mes presente unha alternativa de local permanente que garanta a atención aos colectivos implicados coa calidade e dignidade, que a alternativa sexa dialogada e consensuada polos Grupos Municipais e tódolos colectivos afectados e implicados”, todos e cada un, non aceptamos que se excluía a ninguén.

A PRESIDENCIA: Hai unha proposta de emenda do Grupo Socialista que a

portavoz do Grupo Popular di que non acepta, presenta unha emenda “in voce” que non ten aínda na mesa, prégoille que a facha chegar para que a podamos votar, entendo que retira a proposta que vostede fai e ven a cubrir a anterior que vostedes tiñan presentado, que é de substitución esta proposta.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Unha cuestión de orde, con relación á votación e ás emendas presentadas.

A PRESIDENCIA: Doulle trinta segundos.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Eu simplemente ía dicir unha cuestión de orde porque aquí se presenta unha emenda que é absolutamente, e está o Sr. Secretario que non lle vou a pedir que o diga, pero que é absolutamente irrealizable, e polo tanto esa emenda non se pode presentar que diga que “a Corporación poña a disposición un local”, iso é irrealizable porque a Corporación non ten esa potestade, porque si a temos mañá imos nós, os tres concelleiros, a tirar a Cruz dos Caidos, a do Castro.

A PRESIDENCIA: Esta claro que o espírito da emenda é que se consensue por parte dos tres Grupos Políticos un local permanente, é o espírito, ten vostede razón que poñer a disposición o Pleno un local parece que non, pero o espírito está claro que era o consenso dos tres Grupos Políticos, non hai dúbida que así é. Pero en todo caso a propoñente da moción non aceptou a emenda pola tanto non se vai votar e vaise votar a emenda “in voce” que presenta a Sra. Cendón que ven a substituír á moción.

VOTACIÓN: Queda aprobada por unanimidade.

A PRESIDENCIA: Antes de pasar ao punto de rogos, eu creo que o fago en nome do conxunto do Pleno, de tódolos membros da Corporación e é transmitir dende o Pleno do Concello de Vigo a condolencia á familia do Sr. Dalmeida vocal da Entidade Menor de Bembrive en nome do Pleno do Concello de Vigo. Creo que por ser un cargo político da Entidade menor da nosa cidade, este Pleno debe

transmitir conxuntamente as nosas condolencias, visto que todos estamos de acordo transmitirémosllas en nome de todos e cada un de nos.

(Neste punto da Orde do Día atópase ausente o Sr. Alcalde e preside o Pleno da Corporación a Sra. Silva Rego; así mesmo está ausente no momento da votación a Sra. García Miguez)

No transcurso do debate o concelleiro do BNG, Sr. Domínguez Olveira, preseta unha emenda de substitución que é aceptada pola relatora da moción, Sra. Cendón Alonso, a cal presenta outra emenda na que se atopa recollida a anterior, co texto que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e dous membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACORDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do grupo político do Partido Popular, Sra. Cendón Alonso, co seguinte texto:

- Instar ao Goberno local a que no prazo máximo de un mes presente unha alternativa de local permanente que garanta a atención aos colectivos implicados con calidade e dignidade.
- Que a alternativa sexa dialogada e consensuada polos grupos municipais e por tódolos colectivos afectados e implicados sen exclusión de ninguén.

4.A. MOCIÓNS URXENTES DE CONTROL DO GOBERNO MUNICIPAL.

Non se presentaron.

5.- FORMULACIÓN DE ROGOS.

Non houbo.

6.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

Non houbo.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión ás once horas e cincuenta e dous minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.